

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 28 DE ABRIL DE 2023**

Ás 10.00 horas do día 28 de abril de 2023, réunese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. José Manuel Baltar Blanco

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

### **Deputados de Democracia Ourensana:**

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora.:** D.<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez, xustificando a súa ausencia (quen emitiu o seu voto de forma non presencial).

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto sexto da orde do día e non regresou.

A deputada do Grupo Socialista, dona Susana Rodríguez Estévez estivo ausente na votación do punto décimo da orde do día.

O tratamento dos asuntos incluídos na orde do día desenvolveuse do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 31 DE MARZO DE 2023.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 31 de marzo de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial do día 31 de marzo de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

### **2º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO E RECOÑECIMENTO DAS NECESIDADES NON CUBERTAS DAS PERSOAS CON LUPUS EN ESPAÑA.-**

O Sr. presidente dá lectura á seguinte declaración institucional:

O lupus é unha enfermidade autoinmune crónica que afecta a 5 millóns de persoas en todo o mundo e a súa prevalencia ascende a 210 casos por cada 100.000 habitantes en España. A pesar destas elevadas cifras, cerca do 60% dos españois non saben en que consiste o lupus ou tan só coñecen o nome da enfermidade, o que a converte nunha enfermidade invisible para a

poboación en xeral, menos para quen a padece. Especialmente mulleres, xa que representan o 90% dos casos de lupus desenvolvendo a enfermidade entre os 15 e os 55 anos.

De entre os distintos tipos, o lupus eritematoso sistémico (LES) representa aproximadamente o 70% de todos os casos e a metade deles ve afectado un órgano ou tecido importante no corpo, como o corazón, os pulmóns, os riles ou o cerebro. Aínda non existe cura nin tratamento efectivo para previr o dano orgánico a longo prazo que provoca o lupus. Unha enfermidade impredecible que, de non tratarse, pode aumentar a discapacidade e incapacidade da persoa afectada e ser potencialmente mortal.

Considerando que o lupus é un problema de saúde global que afecta a millóns de persoas, a Federación Española de Lupus (FELUPUS) axunta a forza representando ás persoas con lupus e ás 21 asociacións repartidas por todo o territorio nacional para dar a coñecer esta enfermidade, o seu impacto altamente discapacitante e promover unha maior investigación.

Baixo o lema “Non deixes que o lupus gañe: é o momento de actuar!”, FELUPUS busca alentar aos pacientes que non deben renderse fronte o lupus e insta ás administracións a actuar xuntos, manifestando o seu recoñecemento e apoio ás persoas que conviven con esta enfermidade, e declarando o seu compromiso para contribuír a darlles resposta ás necesidades non cubertas en España. Necesidades médicas e socioeconómicas que se concretan en:

1. A garantía dunha DETECCIÓN TEMPERÁ E MAIOR FORMACIÓN DE ATENCIÓN PRIMARIA. Existe un atraso no diagnóstico de 4 anos de media para os pacientes con lupus que pode provocar alteracións estruturais irreversibles. Por iso, é fundamental aumentar a formación en Atención Primaria, xa que poden espertar a sospeita e detectar os primeiros síntomas para iniciar o proceso diagnóstico.
2. O impulso para unha ATENCIÓN COORDINADA E MULTIDISCIPLINAR que permita prestar unha atención e apoio psicosocial especializada aos pacientes con lupus, independentemente do seu lugar de residencia. É necesario, dispoñer de maiores recursos para abordar ao paciente con lupus de forma global e integrada, asegurando unha correcta coordinación entre os distintos especialistas que poden intervir na abordaxe da enfermidade para mellorar a súa calidade de vida.

3. O fomento para unha MAIOR INVESTIGACIÓN. Os fondos destinados aos esforzos na investigación médica sobre o lupus, ao descubrimento dunha cura e de tratamentos máis eficaces para os pacientes de lupus son sensiblemente inferiores aos dedicados a outras enfermidades de similar magnitude e gravidade. Por iso, é imprescindible un aumento dos fondos tanto públicos como privados para a investigación.

4. A garantía dun MAIOR ACCESO A NOVAS TERAPIAS. Nos últimos anos, producíronse avances importantes no desenvolvemento de tratamento eficaces para o lupus, pero resulta esforzo en balde se estes non chegan a tempo aos pacientes. É esencial un maior esforzo por parte das administracións para axilizar e asegurar que os tratamentos existentes para o LES dispoñibles conforme a criterios clínicos. Sen estar condicionado polo lugar de residencia ou hospital asignado.

5. A garantía dunha correcta REVISIÓN DE VALORACIÓN EN DISCAPACIDADE E FORMACIÓN ESPECIALIZADA a todo o persoal valorador acorde aos criterios obxectivos do novo baremo. É necesario que se recoñeza o dano orgánico acumulado que inclúe o esgotamento e a dor diaria, e que os tribunais valoren adecuadamente o conxunto de limitacións, concedendo os graos de discapacidade que os pacientes merecen, sen ter que acudir aos tribunais de xustiza a solicitar o amparo negado polas administracións sociais.

6. O FINANCIAMENTO PÚBLICO DOS FOTOPROTECTORES SOLARES. Os raios UV considéranse un axente causante de brote da enfermidade. Polo que as persoas con lupus deben utilizar fotoprotector solar entre 15 e 30 minutos antes da exposición, e aplicar de novo cada dúas horas todos os días. As asociacións de pacientes reivindican que os fotoprotectores sexan considerados como tratamento da enfermidade e, polo tanto, a subvención do seu custo.

7. A AMPLIACIÓN DE LABORATORIOS DO AUTÓMOBIL AUTORIZADOS para legalizar a instalación de filtros ultravioleta nas lúas laterais dianteiras de vehículos de persoas con lupus. Na actualidade, para a súa legalización e instalación, requírese un ensaio de determinación do factor de transmisión luminosa dos vidros lamelados. É necesario que se amplíe o número de laboratorios autorizados por provincia para evitar a desigualdade no acceso e os laboriosos desprazamentos.

Por todo o anteriormente exposto o Día Mundial do Lupus (10 de maio) este organismo público:

- Expresa o apoio e recoñecemento cara ás persoas con lupus, ás súas familias e ás asociacións de pacientes que diariamente traballan para a creación dunha clara conciencia social da enfermidade, dirixindo as súas actuacións cara ao diagnóstico precoz e ao tratamento desde o enfoque terapéutico e multidisciplinar.
- Comprométese a levar a cabo as accións pertinentes e destinar os recursos necesarios para paliar a situación de especial vulnerabilidade, así como garantir, con equidade, os dereitos das persoas con lupus e as súas familias. Sendo plenamente conscientes de que para unha enfermidade crónica para a que non existe cura, como esta e moitas outras, a investigación é vital.

### **3º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, DO INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, DO CONSORCIO PROVINCIAL DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO E DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2022.**

A Sra. interventora expón o contido do expediente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): toma a palabra para solicitar que se lle aclare de onde procede a diferenza de corenta e dous millóns de euros entre o activo do exercicio de 2022 e o do exercicio anterior. Sobre a conta xeral quere destacar que os créditos orzamentarios finais reflicten que, nunha provincia como a nosa, o investimento desta administración foi moi escaso
- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): intervéen para manifestar que este documento técnico que nos amosa a realidade do que se fixo durante o exercicio económico, cunhas modificacións orzamentarias por importe de cincuenta e dous millóns de euros, sobre os créditos iniciais. A continuación pregunta sobre o remanente de tesourería, a que se refire exactamente a aplicación relativa a “pendentes de aplicación”, e cuxo importe supera os catro millóns e medio de euros. Para rematar refírese ao resumo final das subvencións outorgadas, que conclúe que por exemplo o concello de Manzaneda recibiu 20.000,00 € en todo o exercicio, o de Avión 534.000,00 € ou o de Muíños 562.000,00 €, cando son concellos de características moi similares.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza indicando que estamos a falar dun documento técnico, que foi sometido ao trámite de información pública e ao que non se realizou observación ou suxestión ningunha. Engade que se trata de aprobar a conta xeral desta Deputación e dos seus organismos e que por suposto van apoiar esta proposta da Presidencia.

- Mónica Legaspi (interventora): cclara, en referencia ao resultado do balance, e posto que a Deputación ven de aprobar recentemente o seu inventario xeral de bens, fixéronse unha serie de axustes na contabilización do inmovilizado material. Sobre as partidas pendentes de aplicación sinala que na súa maior parte veñen procedentes da delegación da recadación dos diferentes concellos da provincia.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): intervén para insistir en que o grupo socialista leva varios anos denunciando a concesión discrecional de subvencións que fai esta Deputación.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): sinala que os datos desta Deputación son públicos e transparentes, e pídelle que comparen estas cifras co outorgamento que fai de subvencións a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, e que ultimamente só beneficia a concellos gobernados polo Partido Socialista.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervención e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), de DO (2) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as contas xerais correspondentes ao exercicio 2022, de acordo co establecido no artigo 212.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co seguinte detalle:

Primeiro.- **Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense** do exercicio 2022, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 22.145.106,88 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 62.971.012,56 €
- Balance de situación: 2.285.994.139,67 €
- Resultado económico patrimonial: - 71.361.781,39 €

Segundo: **Conta Xeral do Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico** do exercicio 2022, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 533.438,14 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 956.940,88 €
- Balance de situación: 15.869.470,84 €
- Resultado económico patrimonial: -1.260.339,03 €

Terceiro.- **Conta Xeral do Consorcio provincial de servizo contra incendios e salvamento** do exercicio 2022, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 140.404,18 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 1.412.365,45 €
- Balance de situación: 7.539.546,04 €
- Resultado económico patrimonial: - 598.516,90 €

Cuarto.- **Conta Xeral do Consorcio de Augas de Valdeorras** do exercicio 2022, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 235.248,53 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: - 133.748,21 €
- Balance de situación: 1.039.001,80 €
- Resultado económico patrimonial: -32.966,15 €

2º.- Proceder á rendición da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2022 ao Consello de Contas de Galicia, cumprindo co preceptuado no artigo 212.5 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**4º.- EXPEDIENTE 4/2023 DE MODIFICACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS MEDIANTE A CONCESIÓN DUN CRÉDITO EXTRAORDINARIO, SUPLEMENTO DE CRÉDITOS E SOBRE A MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

A Sra. interventora expón o contido do expediente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala que boa parte destas modificacións se refiren a subvencións nominativas xa concedidas e que unicamente cambian de obxecto,

polo que mantendo a crítica ao sistema de reparto mediante este tipo de subvencións, o seu grupo se vai abster na votación.

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): comeza manifestando que este expediente na súa maior parte se destina a cofinanciar adquisición de tractores e rozadoras para concellos, facendo o rogo de que se os concellos o solicitan poidan delegar a contratación nesta Deputación. Remata lembrando que as subvencións nominativas desta Deputación seguen a beneficiar claramente aos concellos gobernados polo PP.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): procede a describir o convenio que se asina coa Consellería de Medio Rural e a relación de concellos que van ser beneficiarios destas axudas, así como os cambios de obxecto que se tramitan a petición dos respectivos concellos. O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (9), de DO (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria cuantitativa** mediante a concesión dun crédito extraordinario, suplemento de créditos, financiados con cargo ao remanente líquido de tesouraría obtido na liquidación do orzamento do exercicio 2022 polo **importe total de 828.323,99 euros.**

### **CREDITO EXTRAORDINARIO**

Na aplicación orzamentaria **414.11/762.01** “Medio Rural. A Concellos subvencións” polo importe total de **628.333,29 euros.**

BENEFICIARIO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE €
<b>Concello de Manzaneda</b>	Adquisición de maquinaria destinada ao mantemento e a conservación das infraestruturas lineais e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais	48.333,33 €
<b>Concello de Melón</b>	Adquisición de maquinaria destinada ao mantemento e a conservación das infraestruturas lineais e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa	48.333,33 €

	contra os incendios forestais	
<b>Concello do Bolo</b>	Adquisición de maquinaria destinada ao mantemento e a conservación das infraestruturas lineais e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais	48.333,33 €
<b>Concello de Gomesende</b>	Adquisición de maquinaria destinada ao mantemento e a conservación das infraestruturas lineais e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais	48.333,33 €
<b>Concello de Pereiro de Aguiar</b>	Adquisición de maquinaria destinada ao mantemento e a conservación das infraestruturas lineais e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais	48.333,33 €
<b>Concello de Vilar de Barrio</b>	Adquisición de maquinaria destinada ao mantemento e a conservación das infraestruturas lineais e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais	48.333,33 €
<b>Concello da Merca</b>	Adquisición de maquinaria destinada ao mantemento e a conservación das infraestruturas lineais e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais	48.333,33 €
<b>Concello de Castro Caldelas</b>	Adquisición de maquinaria destinada ao mantemento e a conservación das infraestruturas lineais e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais	48.333,33 €
<b>Concello de Baños de Molgas</b>	Adquisición de maquinaria destinada ao mantemento e a conservación das infraestruturas lineais e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais	48.333,33 €
<b>Concello de Taboadela</b>	Adquisición de maquinaria destinada ao mantemento e a conservación das infraestruturas lineais e da contorna	48.333,33 €

	agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais	
<b>Concello de Nogueira de Ramuin</b>	Adquisición de maquinaria destinada ao mantemento e a conservación das infraestruturas lineais e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais	48.333,33 €
<b>Concello de Entrimo</b>	Adquisición de maquinaria destinada ao mantemento e a conservación das infraestruturas lineais e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais	48.333,33 €
<b>Concello da Peroxa</b>	Adquisición de maquinaria destinada ao mantemento e a conservación das infraestruturas lineais e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais	48.333,33 €
<b>TOTAL, CE</b>		<b>628.333,29 €</b>

### SUPLEMENTO DE CRÉDITO

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
<b>450.12/226.09</b>	Cooperación provincial. Actividades culturais	<b>200.000,00 €</b>

### RECURSOS

<b>Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais</b>	<b>828.333,29 €</b>
--	---------------------

4.- Aprobar inicialmente a modificación, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, consistente nas seguintes variacións de obxectos e /ou beneficiarios de subvencións concedidas por esta entidade, e que **non afectan cuantitativamente** ao orzamento xeral do exercicio 2023:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” na modificación nº 2/2023 dos orzamentos da Deputación para o exercicio de 2023, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Carballiño** ca finalidade de “Melloras no campo de fútbol” e por un importe de 150.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde do Concello do Carballiño de data 21 de marzo de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **acórdase o cambio do beneficiario da subvención e da aplicación orzamentaria pasando a 450.12/789.01 “Cooperación provincial. Outras transferencias”**.

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
C.D Arenteiro	Melloras no campo de fútbol	150.000,00 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” na MC 2/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Cualedro** co obxecto “ Pozos en Lucenza” por importe de 48.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde do Concello de Cualedro de data 23 de marzo de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **acórdase o cambio da finalidade** da subvención nominativa anterior, quedando polo tanto da seguinte forma,

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Concello de Cualedro	<b>Mellora da rega nas piscinas municipais de Cualedro</b>	48.000,00 €

c) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” na modificación nº 2/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Porqueira** para “ Pozo de barrena” por un importe de 48.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada pola alcaldesa de Porqueira de data 31 de marzo de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade e da aplicación orzamentaria** da subvención pasando a ser para,

**450.12/462.00 “Cooperación provincial. A Concellos”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Concello de Porqueira	<b>Gastos de funcionamento</b>	48.000,00 €

d) Con cargo ás aplicacións orzamentarias 450.12/489.00 “Cooperación provincial. Outras transferencias” e na 450.12/789.01 “Cooperación provincial. Outras transferencias” na modificación nº 2/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíanse unhas subvencións nominativas ao **Antela F.C.** coas finalidades seguintes,

APLICACIÓN ORZAMENTARIAS	FINALIDADE	IMPORTE
450.12/489.00	Gastos de transporte, marcador electrónico e máquina corta céspede	9.000,00 €
450.12/789.01	Marcador electrónico e máquina corta céspede	18.000,00 €

Con base na solicitude presentada polo presidente do Antela C.F. de data 04 de abril de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **acórdase o cambio das finalidades e das aplicacións orzamentarias** das subvencións motivado por un erro de duplicidade dos conceptos.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINALIDADE	IMPORTE
<b>450.12/489.00</b>	<b>Gastos de transporte</b>	18.000,00 €
<b>450.12/789.01</b>	<b>Marcador electrónico</b>	9.000,00 €

e) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.00 “Cooperación provincial. Concellos” na MC 2/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Manzaneda** co obxecto

“Brigada de protección do ambiente e espazo natural de Manzaneda e Chandrexa de Queixa” por un importe de 16.221,66 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde do Concello de Manzaneda de data 31 de marzo de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **acórdase o cambio da finalidade da subvención e do beneficiario**, xa que polo convenio de colaboración entre os dous concellos, nesta anualidade 2023 o concello representante ante a administración é o concello de Chandrexa de Queixa, tanto para os gastos técnicos do servizo como dos investimentos materiais para o desenvolvemento local da agrupación Chandrexa de Queixa – Manzaneda.

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Concello de Chandrexa de Queixa	Gastos de servizo técnico de desenvolvemento local agrupación Chandrexa de Queixa – Manzaneda	16.221,66 €

f) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/ 762.01 “Cooperación provincial. A concellos. Subvencións ” na MC 2/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Cortegada** co obxecto “Infraestrutura viaria de acceso ao parque empresarial de Cortegada ” e por un importe de 13.627,52 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde do concello de Cortegada de data 03 de abril de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **acórdase** o cambio da finalidade da subvención,

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Concello de Cortegada	Adecuación da piscina municipal dos/as nenos/as	13.627,52 €

g) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A concellos. Subvencións ” na MC 2/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Nogueira de**

**Ramuín** co obxecto “ **Limpeza de camiños e xestión medio ambiental** ” e por un **importe de 40.000,00 euros**.

Con base na solicitude presentada polo alcalde do concello de Nogueira de Ramuín de data 04 de abril de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día **acórdase** o cambio da aplicación orzamentaria de dita subvención pasando a **450.12/462.00 “Cooperación provincial. A concellos”** , xa que a dita subvención non corresponde a ningunha obra a realizar polo concello, senón a gasto corrente.

**h)** Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/489.00 “Cooperación provincial. Outras transferencias” na modificación nº 2/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa á **Federación de Comercio de Ourense** para “ Gastos de funcionamento” por un importe de 25.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada pola presidenta da Federación de Comercio de Ourense de data 05 de abril de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención, pasando a ser para,

**450.12/489.00 “Cooperación provincial. Outras transferencias”**

<b>BENEFICIARIO</b>	<b>FINALIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
Federación de Comercio de Ourense	<b>Gastos de funcionamento, proxectos ou actividades da Federación do exercicio 2022</b>	25.000,00 €

**i)** Na modificación nº 2/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíanse unhas subvencións nominativas para a **Cruz Vermella en dúas aplicacións orzamentarias diferentes**,

<b>APLICACIÓN ORZAMENTARIA</b>	<b>FINALIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
<b>231.11/489.20</b>	Acción social. Cruz Vermella. Outras transferencias	20.000,00 €
<b>450.12/489.00</b>	Cooperación Provincial. Outras transferencias	25.000,00 €

Con base na solicitude presentada polo presidente de Cruz Vermella en Ourense de data 13 de abril de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade e a agrupación das dúas subvencións nunha soa**, para así reforzar as posibilidades de intervención e resposta das asembleas comarcais ante a necesidade da poboación nos respectivos municipios da contorna rural provincial pasando a ser para,

**450.12/489.00 “Cooperación provincial. Outras transferencias”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Cruz Vermella	<b>Mellora das capacidades e respostas de acción social da rede territorial de Cruz Vermella en Ourense</b>	<b>45.000,00 €</b>

j) Na modificación nº 2/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, se aprobou polo Pleno da Corporación, unha concesión dun crédito extraordinario na aplicación orzamentaria 425.11/489.00 “ Eficiencia e enerxías renovables. Outras transferencias” polo importe de 200.000,00 €.

Unha vez examinado o informe-proposta da Sección de Investimentos, Planificación e Programas Europeos desta Deputación, obsérvase que non se trata dunha subvención senón dunha contratación dun servizo, polo que nesta modificación número 4/2023 **acórdase** o cambio da aplicación orzamentaria, **suplementando a correcta**, pola mesma cantidade que na concesión do crédito extraordinario aprobada na modificación orzamentaria número 2/2023, polo que **non implica un cambio cuantitativo neste expediente** quedando o crédito da seguinte forma:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINALIDADE	IMPORTE
<b>425.11/227.06</b>	<b>Eficiencia e enerxía renovables. Estudos e traballos técnicos</b>	200.000,00 €

k) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” na modificación nº 2/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello da Mezquita** para “ Fase II Viveiro planta de Castiñeiro” por un importe de 20.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde da Mezquita de data 12 de abril de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, consideran que é mais necesario para o produtores de castaña do municipio equipar e por en marcha o actual viveiro municipal existente deixando a ampliación para un futuro, polo que **se acorda o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser para,

**450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Concello da Mezquita	<b>Equipamento e posta en marcha do servizo de viveiro municipal de planta de castaña</b>	20.000,00 €

l) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.01 “Cooperación provincial. A Concellos” na modificación nº 3/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Padrenda** para “Traballos medioambientais (limpezas, mantementos camiños, rozas, etcétera) e para a contratación dun chofer para a rozadora” por un importe de 60.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde de Padrenda de data 14 de abril de 2023, na que pide que se separe esta subvención nas dous finalidades, especificando o importe de cada unha, polo que **se acorda a desagregación da finalidade** da subvención pasando a ser ,

**450.12/462.01 “Cooperación provincial. A Concellos ”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Concello de Padrenda	<b>Contratación dun chofer para a rozadora</b>	20.000,00 €
	<b>Traballos medioambientais (limpezas, mantementos camiños,</b>	40.000,00 €

	rozás, etcétera)	
--	------------------	--

2º .- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**5º.- CONVALIDACIÓN DO ACORDO DO CAMBIO DO MODO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (RSU) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE ADOPTADO NA DATA 25.02.2022.**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): intervén simplemente para reiterar a postura do BNG en contra deste proceso de externalización ou privatización deste servizo, agardando que se se produce un cambio de goberno nas vindeiras eleccións de maio, se manteña a xestión directa do servizo.
- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): comeza indicando que por desgraza neste pleno son varios os puntos importantes e este en particular, xa que o grupo de goberno está empeñado en intentar privatizar o servizo de recollida de lixo, que funciona ben coa xestión directa actual, e no que as empresas que opten á privatización lle van repercutir os custos ou ben aos concellos ou ben aos contribuíntes. A continuación pídelles aos alcaldes do PP que entendan que a xestión indirecta só vai traer prexuízos para a Deputación e para os concellos da provincia, e pídelles que tomen medidas contra esta proposta, lembrando que o grupo socialista vai votar en contra da proposta, e anuncia que en maio, se gobernan nesta Deputación, mudarán este cambio no modelo de xestión.
- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): comeza sinalando que se trata de validar o acordo xa adoptado neste pleno, e que simplemente se trata de admitir a trámite e contestar unha alegación que por erro se remitiu a un departamento equivocado. Engade que a xestión

indirecta funciona perfectamente, e como mostra indica unha serie de servizos que así se prestan en concellos con alcaldes ou alcaldesas do Partido Socialista.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): insiste e que este servizo e dos que mellor funciona nesta Deputación, e vai empeorar se se pasa a xestión indirecta. Por último lembra que no caso do concello de Ribadavia, a privatización do servizo da auga se acordou precisamente cun goberno do PP.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): matiza que efectivamente no caso do concello de Ribadavia, a privatización do servizo da auga se acordou precisamente cun goberno do PP, e o grupo socialista a mantén desde entón. Remata indicando que o cambio do modo de xestión continúa avanzando e seguirase cos trámites para a súa aprobación.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), e da deputada non adscrita, a abstención de DO (1) e o voto en contra do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.** Desestimar, polos motivos que constan no informe realizado pola Área de Medio Ambiente da Deputación de data 13.04.2023 (o cal consta incorporado ao expediente no documento electrónico con CSV:14614150016306236247), e que serve de sustento argumental ao presente acordo, o escrito de alegacións presentado pola representación da organización sindical CSI-F con NRE 2850 e data de entrada no rexistro xeral 20.01.2022.

**2º.** Convalidar o acordo plenario de data 25.02.2022 de ratificar a consideración de que a forma máis adecuada para a prestación do servizo público intermunicipal delegado de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos (RSU) da Deputación Provincial de Ourense, polos motivos acreditados no expediente de referencia, é a de xestión indirecta, a cal deberá prestarse a través das formas previstas na Lei 9/2017 de contratos do sector público: contrato de servizos con prestación directa a favor da cidadanía, ou contrato de concesión de servizos.

**3º.** Convalidar o acordo plenario de data 25.02.2022 de aprobar definitivamente a modificación do modo de xestión do servizo público intermunicipal delegado de recollida e

tratamento de residuos sólidos urbanos (RSU) da Deputación Provincial de Ourense, pasando de xestión directa a xestión indirecta, de acordo coa memoria xustificativa e demais documentación incorporada ao expediente de referencia 2021/14562S.

**6º.- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DO PROGRAMA EMERGOU - PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA PALIAR OS DANOS DAS RECENTES INUNDACIÓNS EN INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS DA PROVINCIA DE OURENSE.-**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, así como dunha emenda do grupo de goberno relativa aos concellos beneficiarios.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): comeza sinalando que agradece que se tomase en consideración a observación realizada en comisión informativa polos grupos socialista e do BNG, para evitar que se queden fóra determinados concellos, se ben entende que a dotación do programa é escasa, pero tamén hai que recoñecer que tanto a Xunta de Galicia como a Confederación Hidrográfica non achegan ningún tipo de axuda económica para os concellos afectados.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): nesta quenda comeza agradecendo igualmente a emenda da Presidencia, que permite que todos os concellos da provincia poidan ser potenciais beneficiarios deste programa. Engade que a partida habilitada é escasa, pero visto que polo menos poden participar todos os concellos da provincia, a postura do grupo socialista vai ser a favor.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): sinala que efectivamente se aceptaron as propostas de modificacións realizadas polos diferentes grupos na comisión informativa. Engade que se bota de menos a participación doutras administracións en particular a da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): brevemente apunta que o seu grupo entende que a Deputación precisamente está para este tipo de cousas como son atender e asistir aos concellos en supostos de emerxencia, pero insiste en que é unha cantidade pouco ambiciosa, e que as intervencións que teñen que facer os concellos afectados son dun importe

moito máis elevado. Por último amosa a súa crítica coa inacción tanto da Xunta de Galicia como da CH do Miño-Sil cos concellos afectados.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): anuncia o voto a favor do seu grupo neste asunto, entendendo que a emenda da Presidencia a instancia dos grupos mellora o contido das bases e posibilita que todos os concellos poidan ser potenciais beneficiarios. Por último apela á CH do Miño-Sil a axudar aos concellos afectados.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): indica que é certo que a CH podería axudar, e o mesmo que a Xunta de Galicia, que se inhibiu totalmente neste asunto.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): toma a palabra para apuntar que a CH do Miño-Sil parece que só discrimina aos concellos de Ourense gobernados polo grupo do PP, lembrando o que sucedera para asumir os gastos da ponte do río Xares no concello do Bolo e no que a CH foi a única administración que non se sumou a cofinanciar a referida actuación e incluso nin asistiu ás reunións.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), do Grupo Socialista (9), de DO (1) e da deputada non adscrita e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras e convocatoria extraordinaria do programa EmergOU - programa provincial de cooperación cos concellos para paliar os danos das recentes inundacións en infraestruturas municipais da provincia de Ourense, co seguinte teor literal:

**1ª) Obxecto:**

*Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do Programa provincial de cooperación cos concellos para a recuperación de infraestruturas e instalacións municipais de especial sensibilización para a cidadanía, sempre e cando sexa xustificable que estas foron afectadas por emerxencias acontecidas durante as riadas e inundacións que tiveron lugar entre o 26 de decembro de 2022 e 1 de xaneiro de 2023.*

*Non serán subvencionables as actuacións que non garden unha relación directa cos danos ocasionados polas ditas inundacións.*

*A finalidade deste Programa é subvencionar actuacións de recuperación de infraestruturas de competencia municipal danadas polos efectos das extraordinarias precipitacións acumuladas ao longo do mes de decembro de 2022 na provincia de Ourense e que terminaron por provocar situacións de emerxencia nos concellos debido ás consecuentes riadas e inundacións entre o 26 de decembro e o 1 de xaneiro de 2023. A entidade beneficiaria deberá dispoñer da titularidade municipal dos bens, infraestruturas, instalacións ou equipamentos sobre os que se realizasen as devanditas actuacións de recuperación.*

### **2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.**

*1. Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes nos que, segundo datos de Meteogalicia, se rexistrasen máis de 45 l/m<sup>2</sup> de precipitación acumulada entre o 26 de decembro e o 1 de xaneiro de 2023, causando emerxencias e consecuentes danos en infraestruturas ou instalacións municipais nas que foron precisas actuacións de acondicionamento, reparación, limpeza e retirada de materiais, mellora, reconstrución e/ou reparación. Todo isto, sen prexuízo de que os danos tivesen lugar en días posteriores a estas datas.*

*2. Terán a consideración de proxectos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financiasen cun importe mínimo de 50.000 € as anteditas actuacións para a recuperación de infraestruturas de titularidade municipal afectadas polas recentes inundacións acontecidas na provincia de Ourense a finais de 2022.*

### **3ª) Disponibilidades orzamentarias:**

*O financiamento das subvencións reguladas no presente Programa realizarase con cargo á aplicación 450.12/762.00 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2023 (MC 2/2023). A contía total máxima estimada é de 500.000,00 €.*

### **4ª) Contía das subvencións**

*Cada concello adherido disporá dunha axuda máxima por importe de 25.000,00 € e ata o 40% do custo total do proxecto, requirindo un investimento mínimo no proxecto de 50.000,00 €. Cada concello poderá presentar un único proxecto con todas as actuacións realizadas sobre esa infraestrutura motivo de reparación.*

### **5ª) Adhesión ao programa e solicitudes de subvención: prazos, lugar de presentación e documentación a presentar:**

*As resolucións de adhesión ao programa -que inclúen as solicitudes de subvención- subscritas polo alcalde ou representante legal interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial e deberán presentarse no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, consonte co modelo que se achega como anexo I a estas bases.*

*O prazo de presentación será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.*

*As solicitudes irán acompañadas da declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas pola entidade ou que lle fosen concedidas para o financiamento das actuacións para as que se solicita subvención que se presentará consonte como modelo que achégase como anexo II a estas bases e do informe do técnico municipal sobre o sinistro acontecido na infraestrutura motivo de recuperación, data, actuacións executadas e custo total do proxecto, modelo que se achegase como anexo III.*

*Serán subvencionables varias actuacións, que deberán relacionarse nunha única solicitude. Na devandita solicitude deberá especificarse cada actuación por separado, con indicación expresa da tipoloxía do gasto (investimento ou gasto corrente).*

*No suposto en que o número de solicitudes exceda as disponibilidades orzamentarias, a Presidencia concederá as subvencións baseándose nos seguintes criterios: orzamento do proxecto e poboación municipal a 1 de xaneiro de 2022 segundo datos do IGE (Instituto Galego de Estatística).*

*O investimento realizado terá unha puntuación de 0 a 70 puntos, outorgándose 70 puntos á solicitude que conte cun maior investimento no proxecto de recuperación, e aos demais, a puntuación segundo resulte da aplicación dunha regra de proporción directa (regra de 3):*

$$\text{Puntuación solicitude "A"} = \frac{\text{orzamento proxecto A} \times 70 \text{ puntos}}{\text{Maior orzamento nas solicitudes presentadas}}$$

*Maior orzamento nas solicitudes presentadas*

*A poboación municipal terá unha puntuación de 0 a 30 puntos, outorgándose 30 puntos á solicitude do concello que conte cunha menor poboación, e aos demais, a puntuación segundo resulte da aplicación dunha regra de proporción inversa (regra de 3):*

*Puntuación solicitude “A” = Menor poboación municipal x 30 puntos*

---

*Poboación de A*

*No caso de producirse remanentes de tesourería, a Presidencia, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes que non lograsen acadar a puntuación necesaria para obter subvención na presente convocatoria.*

#### **6ª) Procedemento de concesión.**

*As solicitudes presentadas remitiránse ao Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.*

*Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.*

*Comprobada a regularidade do procedemento seguido e a corrección da documentación presentada, aplicaranse criterios de valoración económicos e de poboación para a selección dos proxectos subvencionables, tendo prioridade aqueles que contén cun maior investimento, e unha menor poboación, ata completar o crédito dispoñible.*

*Unha vez seleccionados os proxectos, mediante resolución da Presidencia autorizarase a adhesión das entidades solicitantes ata esgotar a dotación económica estimada para este programa, agás nos seguintes casos:*

- a) Que a solicitude se formulase fóra de prazo.*
- b) Que a solicitude non reunise os requisitos establecidos na base 5ª, e non se emendasen as deficiencias advertidas no prazo concedido.*

#### **7ª) Publicidade.**

*A resolución de concesión das subvencións adoptarase antes do 26 de maio de 2023 e será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das axudas concedidas. Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro.*

#### **8ª) Xustificación da subvención:**

*Os concellos adheridos deberán ter executadas e pagadas as obras de recuperación da infraestrutura afectada polas inundacións antes de que remate o día 30 de setembro do presente ano. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente*

*acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 30 de setembro de 2023 e poderá concederse, como máximo, ata o día 10 de outubro de 2023.*

*As entidades beneficiarias deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes de que remate o día 30 de novembro de 2023. Este prazo terá carácter improrrogable, agás causas de forza maior debidamente acreditadas. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse expresamente antes de que remate o día 30 de novembro de 2023 e poderá concederse, como máximo, ata o día 10 de decembro de 2023.*

*A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:*

- A) Certificación expedida polo secretario da entidade en relación coas actas de: recepción, execución e pago da obra.*
- B) Contía do gasto subvencionable que foi obxecto de recoñecemento da obrigaón no exercicio 2023.*
- C) Importe das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento das actividades subvencionadas.*
- D) Certificación da conta corrente da entidade para a realización do pagamento da subvención.*
- E) Unha fotografía do cartel informativo ao que se refire a base 9ª, no que se reflecta a súa localización e a mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Ourense.*

*Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.*

*Non obstante ao anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.*

*Para considerar xustificada a subvención, os concellos deberán acreditar a realización e execución do proxecto por unha contía superior a 50.000,00 €.*

*A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.*

*A falla de xustificación da obriga de publicidade establecida na base 9ª dará lugar a unha redución do importe da subvención nun 20 %.*

**9ª) Obrigas dos beneficiarios:**

*Con carácter xeral, as entidades beneficiarias asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos nestas bases e na lexislación vixente.*

*No lugar onde se realice o proxecto de recuperación ou reconstrución subvencionado deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo -no modelo normalizado que se publicará na web da Deputación - no cal constará o financiamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.*

**10ª) Normativa supletoria:**

*De conformidade co establecido na Disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións, esta lei será de aplicación ás subvencións reguladas nestas bases exclusivamente como norma supletoria, para integrar posibles baleiros de regulación, así como naqueles casos nos que as bases remiten á dita normativa.*

**ANEXO I**

**MODELO DE RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN**

*Unha vez vistas as bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos para a recuperación de infraestruturas e instalacións municipais de especial sensibilización para a cidadanía danados durante as inundacións de 2022, e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, dispoño:*

*1ª) Aprobar a adhesión do Concello / Entidade de \_\_\_\_\_ ao Programa provincial de cooperación cos concellos para a recuperación de infraestruturas e instalacións municipais de especial sensibilización para a cidadanía danados durante as inundacións de 2022, solicitando a concesión dunha subvención por importe de ..... euros.*

*2ª) Asumir expresamente as obrigas que como beneficiario lle corresponden no programa de cooperación.*

*3ª) Declarar que o Concello/ a Entidade de \_\_\_\_\_ non se atopa incurso en prohibición de obter subvencións da Deputación Provincial conforme co que dispón o artigo 13 da*

Lei xeral de subvencións, manifestando, igualmente, estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Ourense, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN AXUDAS**

Don/Dona \_\_\_\_\_, alcalde do  
Concello/presidente Entidade de \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_,

**DECLARA**

Non ter solicitada, nin en consecuencia, ter concedida, ningunha axuda para a \_\_\_\_\_ mesma finalidade, sexa pública ou privada.

Que presentou a/as solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para a mesma finalidade:

<i>Organismo ou entidade ao que solicita</i>	<i>Data solicitude</i>	<i>Concesión*</i>	<i>Contía</i>

\*No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase "pendente" na columna.

No caso de solicitudes denegadas, farase constar “denegada”.

Ourense, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

**ANEXO III**

**DECLARACIÓN DO SINISTRO**

Don/Dona \_\_\_\_\_, Técnico municipal  
da Entidade de \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_, **DECLARA**

- Con data \_\_\_\_\_ tivo lugar o desbordamento do Río \_\_\_\_\_
- Descrición do sinistro (infraestruturas ou instalacións municipais afectadas):

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

- Para recuperar a zona afectada, foi necesario levar a cabo un proxecto que acadou o custe total de \_\_\_\_\_, coa seguinte relación de actuacións:

<i>Actuacións levadas a cabo polo concello</i>	<i>Data inicio da actuación</i>	<i>Data fin da actuación</i>	<i>Tipoloxía de gasto (investimento ou corrente)</i>	<i>Custe</i>

No caso de actuacións non executadas, farase constar “non executada”.

Ourense, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

*SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.*

**2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.**

**7º.- ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO PÚBLICO SUPRAMUNICIPAL DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN.-**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): nesta quenda apunta que o BNG considera necesaria a posta en funcionamento deste servizo, que é moi necesario tanto para concellos como para particulares nese territorio, polo que o seu voto vai ser favorable e esta proposta que quizás, chega un pouco tarde.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): manifesta o voto favorable do grupo de DO.
- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): sinala que por fin parece que a planta de RCD de Morgade vai entrar pronto en funcionamento, e que o grupo socialista ven insistindo na necesidade da súa apertura desde hai moitos anos, tan necesaria para o tratamento dos entullos de concellos, empresas e particulares, e evitar os vertedoiros incontrolados. Agarda que a planta entre en funcionamento o antes posible, lembrando o importante investimento nesta planta.
- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): sinala que logo dun importante traballo e dunha tramitación administrativa complexa, se vai avanzando para a apertura da planta de RCD da Limia. Matiza que as tarifas que figuran na ordenanza relativa ás prestacións patrimoniais de carácter público non tributaria pode ser modificada en función das ofertas que se presenten na contratación da xestión do referido servizo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto favorable de don Miguel A. Cid Álvarez), de DO (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobado inicialmente a Ordenanza reguladora do servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos das obras de construción e demolición, co seguinte contido:

### **Exposición de motivos:**

O artigo 45 da Constitución Española establece o dereito para gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo e a obriga dos poderes públicos, entre eles os entes locais, de velar pola utilización racional dos recursos naturais, protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente.

En cumprimento do anterior, aprobouse a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que establece, por unha banda, as competencias locais en materia de residuos no seu artigo 12.5, e doutra, na súa disposición adicional oitava, a obriga das entidades locais de aprobar ordenanzas que se adapten a esta lei. Concrétase así o que dispón o artigo 36.1.C da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora de bases de réxime local, que considera que son competencias propias da Deputación a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal e o fomento ou, no seu caso, coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación dos servizos de tratamento de residuos nos municipios de menos de 5.000 habitantes, e de prevención e extinción de incendios nos de menos de 20.000 habitantes, cando estes non procedan á súa prestación.

Doutra banda, en 2018 aprobáronse no seo da Unión Europea unha serie de directivas que integran o denominado “Paquete de economía circular”, cuxo obxectivo principal é a mellora da xestión de residuos, poñendo énfase especial na xestión dos residuos, co obxectivo esencial de “pechar o círculo” do ciclo de vida dos produtos a través dun maior reciclado e reutilización dos residuos, de maneira que se garante a utilización prudente, eficiente e

racional dos recursos naturais, co beneficio engadido do fomentar así o aforro enerxético e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

A Estratexia Española de Economía Circular, España Circular 2030 (EEEC) senta as bases para impulsar un novo modelo de produción e consumo no que o valor de produtos, materiais e recursos mantéñanse na economía durante o maior tempo posible, na que se reduzan ao mínimo a xeración de residuos e se aproveiten co maior alcance posible os que non se poden evitar. A EEEC alíñase cos obxectivos dos dous plans de acción de economía circular da Unión Europea, “Pechar o círculo: un plan de acción da UE para a economía circular” de 2015 e “Un novo plan de acción de economía circular para unha Europa máis limpa e competitiva” de 2020, ademais de con o Pacto Verde Europeo e a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible.

Na actualidade, a principal problemática ambiental asociada aos residuos xerados polas obras de construción, rehabilitación e demolición débese a unha xestión insuficiente que conleva a vertedura incontrolada de parte dos devanditos residuos.

O texto desta Ordenanza redáctase no marco das políticas da UE e da Estratexia Española de Economía Circular 2030, pretendendo con iso desde a Deputación Provincial de Ourense contribuír á eliminación de vertedoiros incontrolados de entullos e o establecemento dun sistema de xestión que, en consenso cos axentes implicados (administracións, produtores, posuidores de residuos, etc.), priorice a prevención, reutilización e reciclaxe e outras formas de valorización e o depósito controlado en vertedoiro cando non existan outras alternativas viables.

Para fomentar a prevención ambiental, a mellora da limpeza dos espazos públicos, a eficiencia na xestión dos residuos e o cumprimento dos obxectivos de avance cara a unha economía circular é esencial a concienciación da poboación, promovendo actitudes e comportamentos cívicos e proambientales entre a cidadanía.

Sendo a prevención a mellor opción para a sustentabilidade ambiental e a mitigación dos impactos do cambio climático, esta Ordenanza tamén debe contemplar medidas de control naqueles supostos en que non se respectan as normas necesarias para unha convivencia acorde co que espera a cidadanía, polo que se fai preciso recoller igualmente na Ordenanza un réxime sancionador axustado á ordenación xurídica establecida na lexislación estatal e autonómica de

aplicación e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que asegure a cobertura legal necesaria en materia de potestade sancionadora.

Establécese, por tanto, unha tipificación de infraccións coas súas correspondentes sancións, cumprindo deste xeito as esixencias derivadas do principio de legalidade.

Esta ordenanza pretende ser, en definitiva, a base do compromiso entre os produtores, posuidores de residuos e a Deputación Provincial para velar pola eficiencia no consumo de recursos naturais, a protección e a conservación da nosa contorna ambiental.

Todo iso ven xustificar a adecuación da norma aos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cumprindo con iso a obrigaón das administracións públicas de actuar de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.

A presente ordenanza non ten repercusións en cuestións de xénero polo que non é necesario a elaboración do informe non vinculante sobre o impacto nesta materia regulado nos artigos 19 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva entre mulleres e homes (que de acordo coa súa Disposición Final 1.<sup>a</sup> forma parte das condicións básicas que garanten a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes constitucionais de acordo co establecido no artigo 149.1.11 da CE) e 8 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

A redacción da ordenanza respecta a perspectiva de xénero na linguaxe escrita cumprindo o disposto nas anteriores normas e no I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da Deputación Provincial de Ourense para os anos 2017-2021.

A presente norma ten impacto na actividade económica xa que establece as tarifas que se devindicarán con ocasión da prestación do servizo público de recollida e tratamento de residuos procedente das obras de construción e demolición.

### **Título preliminar: Disposicións xerais**

#### **Artigo 1. Obxecto, fundamento e ámbito territorial.**

1. Constitúe o obxecto da presente ordenanza a regulación do Servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos das obras de construción e demolición.
2. Este servizo público é de titularidade provincial cuxa ordenación e xestión correspóndelle á Deputación Provincial por competencia propia adquirida no pleno do 30 de maio de 2014.
3. O Servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos das obras de construción e demolición da Deputación Provincial de Ourense, comprende:
  - a) Recepcionar os residuos da construción e demolición, de tipo inerte ou non perigoso, producidos na provincia de Ourense segundo o recollido no artigo 2 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
  - b) Eliminar en vertedoiro os residuos admisibles, pero non susceptibles de ser valorizados, segundo o Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.
4. O dito servizo préstase mediante a explotación da planta de tratamento de residuos da construción e demolición situada na comarca da Limia, entre os núcleos rurais de Morgade e A Pena, no municipio de Xinzo de Limia, na estrada provincial OU-1102 con acceso na súa marxe esquerda, e coordenadas UTM (Huso T29) DATUM (ETRS89) X=608.703, Y=4.659.644.
5. Os residuos permitidos na planta son os recollidos na Autorización Ambiental Integrada que estea aprobada e en vigor en cada momento (Anexo I).
6. O ámbito territorial de aplicación desta Ordenanza é para os residuos de construción e demolición xerados na provincia de Ourense, estando principalmente enfocada para as actividades ou as obras da construción e demolición que se desenvolven nos municipios da contorna da planta de Morgade (Xinzo de Limia).

## **Título I**

## **Das prestacións do Servizo Público Supramunicipal de recollida e tratamento de residuos das obras de construción e demolición**

### **Artigo 2. Da prestación da recepción dos RCD admisibles na planta**

1. A recepción dos residuos será a solicitude da persoa interesada e terán condición de usuario/a da planta, todas as persoas físicas, xurídicas ou outras entidades que directa ou indirectamente entreguen residuos nestas instalacións, é dicir, calquera produtor ou posuidor de residuos da construción e demolición que, directamente o a través de transportistas autorizados, faga entrega de residuos da construción e demolición nas instalacións.
2. No momento de realizar a entrega dos residuos, a persoa cedente deberá proporcionar a seguinte información, e no seu caso presentar a documentación acreditativa:
  - Tipo e matrícula do vehículo.
  - Persoa propietaria e teléfono de contacto.
  - Número autorizado de transportista de residuos da empresa ou persoa transportadora de residuos, cando proceda.
  - Entidade xeradora dos residuos, copia do título habilitante de natureza urbanística da obra da cal procede o residuo (licenza, comunicación previa ou autorización que corresponda segundo a normativa que lle sexa de aplicación en cada caso).
3. A recepción de materiais e residuos procedentes de obras de demolición e construción quedará regulada baixo a aplicación de prestacións patrimoniais non tributarias segundo o tipo de material entregado. Para elo, catalogaranse os residuos a entregar no momento da recepción, con base á seguinte clasificación:
  - Material limpo ou RCD limpo: aquel residuo que contén a seguinte proporción: menos dun 20% de impropios e máis dun 80% do seu peso, de algún dos seguintes tipos de residuos para valorizar (sen estar mesturados, contaminados ou manchados con residuos non inertes ou perigosos: formigón, ladrillo, tella ou cerámicos, metais, madeira, vidro, plásticos, papel-cartón).
  - Material mesturado limpo ou RCD mesturado limpo: cando a proporción pase a ser maior ou igual dun 20% de impropios e máis dun 40 % do seu peso de residuo que

pode ser valorizado.

- Material mesturado sucio ou RCD mesturado sucio: cando a proporción pase a ser maior ou igual dun 60 % de impropios e máis dun 20% de residuo que poida ser valorizado.
- Residuo que non pode ser valorizado o voluminoso: cando a proporción de impropios é igual ou maior do 80 % en peso dos residuos entregados.

4. Considérase “residuo recepcionado” cando se cumpran todos os trámites esixidos nesta ordenanza reguladora, así como, cando estes sexan aceptados polo xestor da planta e consecuentemente, téñase liquidado a prestación patrimonial de carácter público non tributaria correspondente.

5. Así, a descarga ou abandono de RCD’s ou calquera tipo de residuos, dentro ou fora da planta, sen os anteditos trámites de aceptación serán considerados como “residuos abandonados” e rexeranse segundo o disposto no artigo 108 de infraccións, da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

6. En ningún caso poderán descargar os seus residuos na planta aqueles vehículos de transporte que non sexa visible a súa carga no momento da recepción.

7. A presenza de residuos perigosos, que se detecten no momento da recepción, suporán a non aceptación e entrada na planta. No caso de que non se detecten e aparezan mesturados na recepción, serán almacenados noutro contedor pechado con este destino para a entrega ao xestor autorizado.

8. As posibles entradas de subprodutos, metais, cartón e papel, plástico ou madeira deberán ser separados na entrada ou na cabina de triaxe e almacenados separadamente de residuos perigosos, e en ningún caso darán lugar a dedución sobre o volume dos residuos entregados.

### **Artigo 3. Da prestación de eliminación en vertedoiro**

1. Aceptaranse residuos para depósito directo en vertedoiro, sómente cando non poidan ser valorizados e sempre que sexan residuos da construción e demolición, con algún dos códigos LER para os que estea autorizada esta actividade (ver Anexo I).

2. En todo caso, respectarase o denominado principio de xerarquía, contemplado no artigo 8 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, isto é prevención, preparación para reutilización, reciclado e outros tipos de valorización -incluída a valorización enerxética- e finalmente a eliminación.

## **Título II**

### **Do réxime sancionador**

#### **Artigo 4. Infraccións**

1. Considéranse infraccións as accións ou omisións que contraveñan o establecido na presente Ordenanza así como aquelas outras que estean tipificadas na lexislación estatal ou autonómica, reguladora das materias que se inclúen, sen prexuízo do que os preceptos desta Ordenanza poidan contribuír á súa identificación máis precisa
2. As infraccións tipificadas na presente Ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.
3. Serán infraccións moi graves:
  - a) Exercicio de calquera actuación ou actividade dentro das instalacións, que poida supoñer dano ou deterioro ambiental.
  - b) Exercicio de calquera manobra, actuación, acto vandálico ou actividade dentro das instalacións, que poida supoñer dano ou deterioro a dita instalación ou elemento anexo á propiedade.
  - c) Obrigar ao explotador á recepción de residuos non admisibles na planta, mediante extorsión, chantaxe, ameaza ou emprego de violencia física ou verbal.
  - d) Ocultar, mesturar ou incluír, dolosamente, residuos non admisibles, de tal xeito que sexa imposible detectalos durante a recepción.

- e) Desfacerse de residuos que poidan ser obxecto dalgunha proba xudicial, derivada dun acto delituoso ou susceptible de poder haber causado un dano ou deterioro no medio ambiente, ou posto en grave perigo a saúde das persoas.
- f) Obstruír a actividade inspectora ou de control da Deputación Provincial de Ourense.

4. Serán infraccións graves:

a) Obrigar ao explotador á recepción gratuíta de residuos admisibles na planta, mediante extorsión, chantaxe, ameaza ou emprego de violencia física ou verbal.

b) Falsificar a documentación e datos esixidos sobre o produtor, o xestor e/ou os residuos que se entregan na planta.

c) A comisión dalgunha das infraccións indicadas no apartado anterior cando pola súa escasa entidade non mereza a clasificación de moi grave.

5. Serán infraccións leves:

a) Obrigar ao explotador á recepción gratuíta de residuos admisibles na planta, aínda sen empregar violencia física ou verbal.

b) A comisión dalgunha das infraccións indicadas no apartado anterior cando pola súa escasa entidade non mereza a clasificación de grave.

### **Artigo 5. Prescrición das infraccións.**

1. As infraccións leves prescribirán ó ano, as graves ós tres anos e as moi graves ós cinco anos.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezarase a contar desde o día en que a infracción se cometese.

3. Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto co que a infracción se consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción foran descoñecidos por carecer de signos externos, dito prazo computarase desde que estes se manifesten.

4. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, continuándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivera paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó presunto responsable.

### **Artigo 6. Sancións**

- a) No caso de infraccións moi graves: as multas oscilarán desde los 5.001,00 € ata os 15.000,00 €.
- b) No caso de infraccións graves: as multas oscilarán dende os 751,00 € ata os 5.000,00 €.
- c) No caso de infraccións leves: as multas serán ata os 750,00 €.

#### **Artigo 7. Prescricións das sancións.**

1. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ó ano, as impostas por faltas graves ós tres anos e as impostas por faltas moi graves ós cinco anos.
2. O prazo de prescrición das sancións comezaranse a contar dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.
3. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó infractor.

#### **Artigo 8. Publicidade das sancións**

O Pleno poderá acordar a publicación, a través dos medios que considere oportunos, das sancións impostas pola comisión de infraccións graves e moi graves, unha vez que esta adquirira firmeza.

#### **Artigo 9. Competencia e procedemento sancionador**

1. Corresponde ó Presidente da Deputación a resolución dos expedientes administrativos sancionadores no exercicio da competencia que lle é atribuída a tal fin polo artigo 21.1.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
2. A imposición de sancións e a exixencia de responsabilidades conforme a esta Ordenanza levaranse a cabo de conformidade co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e segundo os principios establecidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro do réxime xurídico das administracións públicas e demais normativa que lle sexa de aplicación.

### **Artigo 10. Reparación do dano e indemnización.**

Sen prexuízo da sanción que se poderá impor, a persoa infractora quedará obrigada á reposición da situación alterada nos supostos previstos no artigo 4.3.a) e b) desta Ordenanza, así como a indemnización dos danos e prexuízos causados que deberá ser determinado polo órgano competente e trala tramitación do correspondente expediente no que, en todo caso, darase audiencia á persoa interesada. Este expediente poderá tramitarse de forma conxunta ou separadamente do de determinación da responsabilidade infractora.

### **Disposición final**

Esta ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorrera o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

## **Anexo I**

### **Residuos permitidos e aceptados na Planta de RCD's**

170101 Formigón

170102 Ladrillos

170103 Tellas e materiais cerámicos

170107 Mesturas de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos, distintos dos especificados no código 170106

170302 Mesturas bituminosas distintas das especificadas no código 170301

170506 Lodos de drenaxe distintos dos especificados no código 170505

170508 Balastro de vías férreas distinto do especificado no código 170507

170604 Materiais de illamento distintos dos especificados nos códigos 170507

170802 Materiais de construción a partir de xeso distintos dos especificados no código 170801.

170904 Residuos mesturados de construción e demolición distintos dos especificados no códigos 170901, 170902 e 170903.

2º) Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de

Ourense, na sede electrónica da todo isto de conformidade co artigo 49 da Lei de bases do réxime local. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da Corporación Provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formularsen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

## **8º.- ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLO SERVIZO PÚBLICO SUPRAMUNICIPAL DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto favorable de don Miguel A. Cid Álvarez), de DO (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria polo servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos das obras de construción e demolición, co seguinte contido:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Esta ordenanza dítase ao amparo do establecido nos artigos 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 41 e seguintes e 127 e 148 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que, se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais cumprindo co principio de seguridade xurídica esixidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A ordenanza ten por obxecto establecer unha prestación pecuniaria como consecuencia da prestación dun servizo de recollida dos residuos xerados por obras de construción e demolición no termo provincial de Ourense, xustificado no disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que, traspóñense ao ordenamento xurídico

español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 201/23/UE e 201/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que introduciu no ordenamento tributario español o concepto de prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias (PPCNT).

Por conseguinte, mediante as indicadas tarifas preténdese soste o servizo supramunicipal de recollida e tratamento controlado dos residuos da construción xerados nas obras de derriba, construción e escavación, así como aqueles procedentes de obras menores, que se destinen ao seu abandono, coa finalidade última de previr, minimizar, impedir os efectos que os indicados residuos poidan ter sobre os recursos naturais, o medio ambiente e a calidade de vida, dando aos mesmos o destino máis adecuado conforme as súas características.

Esta norma está composta por nove artigos, unha disposición adicional e unha disposición final. O articulado da ordenanza recompila o réxime xurídico das mencionadas prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, establece as actuacións que se atopan suxeitas á tarifa, as persoas que están obrigadas ao seu pago, os responsables subsidiarios da mesma, o importe das tarifas e o mecanismo de revisión das mesmas, o lugar e forma de pago das devanditas tarifas, así como, en relación co réxime sancionador, dispónse unha remisión ao establecido na Lei Xeral Tributaria e demais normativa que regula esta cuestión.

A disposición adicional prevé, para o non disposto expresamente na presente Ordenanza, respecto á prestación patrimonial de carácter público regulada na mesma, a aplicación supletoria das normas establecidas na Lei Xeral Tributaria e no Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Finalmente, mediante unha disposición final régúlase a modificación e derogación desta ordenanza e a entrada en vigor da mesma.

A presente ordenanza non ten repercusións en cuestións de xénero polo que non é necesario a elaboración do informe non vinculante sobre o impacto nesta materia regulado nos artigos 19 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo para a igualdade efectiva entre mulleres e homes (que de acordo coa súa Disposición Final 1.<sup>a</sup> forma parte das condicións básicas que garanten a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos debers constitucionais de acordo co establecido no artigo 149.1.11 da CE) e 8 do Decreto lexislativo

2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

A redacción da ordenanza respecta a perspectiva de xénero na linguaxe escrita cumprindo o disposto nas anteriores normas e no I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da Deputación Provincial de Ourense para os anos 2017-2021.

A presente norma ten impacto na actividade económica xa que establece as tarifas que se devindicarán con ocasión da prestación do servizo público de recollida e tratamento de residuos procedente das obras de construción e demolición.

### **Artigo 1. Fundamento e natureza**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, esta Deputación Provincial establece a Prestación Patrimonial de carácter público non tributaria como contraprestación polo Servizo público supramunicipal de recollida e tratamento de residuos das obras de construción e demolición, que se rexerá pola presente Ordenanza reguladora de prezos públicos.

Todo iso en aplicación do establecido respecto diso polo novo apartado 6 do artigo 20 do TRLHL, na redacción aprobada para este novo apartado 6 pola Disposición Final Duodécima da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), cuxa entrada en vigor produciuse o 9 de marzo do ano 2018.

O anterior en concordancia co establecido pola Disposición Adicional Cuadraxésimo Terceira da citada Lei de contratos do sector público, e pola Disposición Adicional Primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (LXT) na redacción aprobada para a mesma pola Disposición Final Undécimo da xa citada Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

### **Artigo 2. Ámbito de aplicación**

Os prezos regulados nesta Ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público non tributario que se satisfarán polos usuarios que, de xeito voluntario, soliciten o servizo de recepción e tratamento de residuos da construción e demolición, desenvolto na planta de residuos da construción e demolición non perigosos con vertedoiro asociado, sita no lugar de Morgade (Xinzo de Limia).

### **Artigo 3. Feito imponible**

1. Constitúe o feito imponible desta prestación patrimonial, o servizo de recepción dos residuos procedentes da construción e demolición na planta de residuos de Morgade.
2. A presente Ordenanza será de aplicación á entrega de calquera residuo da construción e demolición producidos nos municipios da provincia de Ourense.

#### **Artigo 4. Obrigadas ao pago**

Estarán obrigadas ao pago da prestación patrimonial de carácter público non tributaria en concepto de obrigada principal e directa as persoas físicas ou xurídicas, privadas ou públicas, e as entidades, que se beneficien da prestación do servizo público supramunicipal de recepción de residuos e demolición de calquera obra, que produza entullos, en calquera leira urbana ou rústica, dentro do termo provincial, conforme establece o artigo 43 da Lei Reguladora das Facendas Locais

#### **Artigo 5. Responsables**

Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 41 a 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

En concreto, responderá de xeito solidario, como substituto do obrigado tributario, o transportista que entrega o residuo nas instalacións da planta de residuos non perigosos.

#### **Artigo 6. Cota tributaria**

Establécese que a cobranza das Prestacións Patrimoniais de carácter non tributarias se realice mediante o réxime de tarifas, para cada tipo de residuo, segundo se establece a continuación:

- a. Material limpo ou RCD limpo; aquel residuo que conteña a seguinte proporción: menos dun 20% de impropios e en máis dun 80% en peso dalgún dos seguintes tipos de residuos para valorizar (sen estar mesturados, contaminados ou manchados con residuos non inertes ou perigosos: formigón, ladrillo, tella ou cerámicos, metais, madeira, vidro, plásticos, papel-cartón).
- b. Material mesturado limpo ou RCD mesturado limpo: cando a proporción pase a ser maior ou igual dun 20% e menor dun 60% de impropios e máis dun 40% en peso de residuo que pode ser valorizado.

- c. Material mesturado sucio ou RCD mesturado sucio: cando a proporción pase a ser maior ou igual dun 60% de impropios e máis dun 20% en peso de residuo que poida ser valorizado.
- d. Residuo non valorizable ou voluminoso: cando a proporción de impropios é igual ou maior dun 80% en peso dos residuos entregados.

Será a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense a que fixe os valores económicos, para cada unha das tarifas, que resulten da licitación do servizo.

### Artigo 7. Revisión de tarifas

Establécese un mecanismo de revisión das tarifas, anual, automática e predeterminada, a partir do segundo ano do contrato de concesión, conforme á seguinte fórmula:

$$T_R = K_t * T_V$$

Onde:

- TR: Tarifa revisada.
- TV: Tarifa vixente (a revisar).
- Kt: Coeficiente de revisión para o ano t, resultante da aplicación da fórmula

$$K_t = 0.31099 \cdot \frac{S_t}{S_0} + 0.13103 \cdot \frac{L_t}{L_0} + 0.03791 \cdot \frac{R_t}{R_0} + 0.01615 \cdot \frac{X_t}{X_0} + 0.50392$$

Onde:

- S: Variación salarial media pactada, a nivel estatal, para o sector de “Recollida, tratamento, eliminación de residuos e valorización” publicada polo Ministerio de Traballo e Economía Social. O valor para aplicar nunca será superior ao das actualizacións do custo da man de obra no sector público aprobado nos Orzamentos Xerais do Estado.
- R: Variación a nivel estatal do índice da clase “Mantemento e reparación de vehículos persoais” publicado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).
- L: Variación a nivel estatal do índice da clase “Combustibles e lubricantes para vehículos persoais” publicado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).
- X: Prezo medio aritmético de España (€/MWh), publicado polo Operador do Mercado Ibérico da Enerxía, -OMIE-.

- Definindo os subíndices  $t$  e  $0$ , o momento (en anos) de revisión da tarifa e o momento da formulación definitiva da vixente ata ese momento

### **Artigo 8. Pagamento da prestación patrimonial**

A obrigaçión de pago do prezo público regulado nesta Ordenanza nace desde que se presta o servizo especificado no feito impositivo.

A prestación patrimonial devéñase cando se solicita a prestación do servizo.

O pago das tarifas efectuarase no lugar e forma que designe o adxudicatario do servizo e efectuarase o abono do prezo no momento da entrega do residuo nas instalacións do servizo público supramunicipal, sitos en Morgade .

### **Artigo 9. Infraccións e sancións tributarias**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicaranse os preceptos de contidos nos artigos 178 e ss. da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, e normativa que a desenvolva.

### **Disposición adicional.**

Dado que o réxime xurídico substantivo básico aplicable á figura das “prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias” actualmente establecido con carácter xeral na Disposición Adicional Primeira da Lei 50/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e con carácter específico para as Entidades Locais, no novo apartado 6 do artigo 20 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, non foi aínda desenvolvido de xeito normativo polo lexislador estatal, mentres non sexa levado a cabo esta regulación normativa de desenvolvemento, e no non disposto expresamente pola presente Ordenanza Reguladora, serán de aplicación supletoria á Prestación Patrimonial de Carácter Público regulada na mesma, as determinacións sobre implantación, xestión, inspección, recadación e revisión en vía administrativa establecidas para táxaas polos mencionados textos legais.

### **Disposición final. Aprobación, entrada en vigor e modificación da ordenanza**

Esta Ordenanza entrará en vigor e será de aplicación tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor mentres non se acorde a modificación ou derogación expresa da devandita Ordenanza.

2º) Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense e na sede electrónica da Deputación, todo isto de conformidade co artigo 49 da Lei de bases do réxime local. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da Corporación Provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formularsen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

### **9º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE COMISIONADOS DE FILMACIONES, CINE Y TELEVISIÓN (SPAIN FILM COMMISSION)”.**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): intervén para manifestar que examinada a documentación observamos que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro e cun custo anual de dous mil euros, polo que entende que pode ser unha opción interesante para a nosa provincia, a expensas para ver os resultados que achega.
- 1ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): sinala que non teñen a información suficiente que lles gustaría para poder apoiar esta proposta. Así indica que lles gustaría coñecer que forma parte da asociación “Ourense film commission”, como se desenvolve este traballo de captación de lugares de interese ou se ten intervención na tramitación de axudas económicas ou na súa implementación desde a propia Deputación Provincial.
- 1ª intervención César Fernández (grupo do PP): indica que esta asociación sen ánimo de lucro aglutina as diferentes Films Commission que existen no territorio, cuestión moi importante nestes tempos nos que o traballo en rede é primordial. Sinala que se trata de continuar coa liña estratéxica deste goberno provincial de apostar pola nosa provincia como territorio de rodaxes, e que así se contribúa a formar parte deste contexto global e aproveitar estas sinerxias.

- 2ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): toma a palabra para insistir en que se lles explique os traballos que leva feito ata o de agora a “Ourense Film Comissionn”.

- 2ª intervención César Fernández (grupo do PP): contesta que as pautas de traballo son de pura lóxica, partindo de que quen elixe os escenarios son os creadores do film, e que estas asociacións actúan como intermediarios, facilitando contactos entre produtoras e administracións implicadas, para que se poidan facilitar determinadas cuestións nas rodaxes.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á entidade asociativa “Asociación Española de Comisionados de filmaciones, cine y televisión (Spain Film Commission)”, designando como representante da Deputación á “Ourense Film Commission”, dependente da Área de Cultura e Deporte da Deputación Provincial.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos seus estatutos, os cales se aproban de xeito expreso.

### **10º.- MOCIÓN DO BNGT PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN ÚNICO DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE E DA SÚA INCLUSIÓN NO ORZAMENTO DE 2024.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): procede a dar lectura á moción do seu grupo na que se indica que unhas das principais competencias das deputacións provinciais é a asistencia económica aos municipios, especialmente a aqueles de menos capacidade económica e de xestión. Esta asistencia que se predica respecto dos municipios da provincia, pode materializarse con carácter ordinario ou excepcional, no primeiro dos casos, articularase mediante a aprobación de plans especiais, cinguidos a criterios obxectivos, garantindo as condicións de igualdade, libre concorrència e proporcionalidade. Porén, o mecanismo predominante na deputación de Ourense é a sinatura de convenios non suxeitos a concorrència, o que permite a dispensación dun trato diferente entre municipios. Non hai sequera que lembrar que, durante anos, os concellos están a ser sometidos ao sectarismo político e partidista. Ante isto, dende hai anos o Grupo Provincial do BNG estamos a trasladar reivindicacións para que a Deputación de Ourense mellore a colaboración con todos os

concellos da provincia e cree un plan de axuda ás administracións locais máis ambicioso, seguindo criterios obxectivos e que dea unha verdadeira resposta ás necesidades da veciñanza e dos que lexitimamente os representan nos Concellos, sexan da cor política que sexan. Por iso, consideramos como algo ineludible a elaboración dun Plan Único de colaboración cos concellos da provincia de Ourense e a súa inclusión no Orzamento para o anos 2024, o que permitiría que a Deputación de Ourense cumpra coa súa competencia regulada por lei, a de colaborar con todos os concellos por igual. Esta Moción é o recoñecemento do meu fracaso no intento de conseguir que este mandato tiveramos a oportunidade de transformar esta práctica trasnoitada do reparto improvisado e a dedo, mais tamén podo dicirlles que é ben doada de defender porque é de xustiza pedir este cambio no fondo e nas formas do que se ven practicando nesta institución dende fai décadas. Foi o Partido Popular de Lugo, con Elena Candia á fronte, quen solicitou alá por decembro de 2016 un Plan Único para a provincia de Lugo, e por certo na provincia de Lugo estase aplicando; no mes de xullo de 2017 en moción conxunta, do PSOE, BNG e Democracia Ourensana e coa sinatura dos Srs. Ojea e Jácome, formulábase a mesma demanda coincidindo na mesma formulación, a necesidade de que a Deputación Provincial de Ourense se dote dun Plan Único de colaboración cos 91 concellos da provincia que teñen menos de 20.000 habitantes. Neste Plan Único aglutinaríanse os diferentes plans xa existentes e acadaríanse as seguintes finalidades: - Racionalizar e obxectivizar. - Simplificar tarefas administrativas. - Facer un Plan Dinámico parello as necesidades que se determinen nos Concellos. - Apoiar a autonomía municipal - Darlles garantías económicas aos Concellos para a planificación das súas actividades e inversións, nun período medio de tempo. Por todo o anterior, instamos ao grupo de goberno da Deputación Provincial de Ourense que resulte da convocatoria electoral do 28 de maio deste 2023, a que respecte esta moción relativa á elaboración dun plan único de colaboración cos concellos da provincia de Ourense e a súa inclusión no orzamento do ano 2024 e por isto propónse a aprobación dos seguintes acordos: 1.- Que no vindeiro orzamento da deputación, e tendo en conta os criterios de xa establecidos pola FEGAMP, se faga o reparto aos concellos da provincia a través dun plan único de investimentos que se sitúe como mínimo en 1/3 do total do orzamento, como xa están a facer as restantes deputacións galegas. 2.- Que a Deputación suplemente no actual exercicio orzamentario 2023 a través do remanente existente, as partidas destinadas a cooperación cos concellos (plan provincial, plan de emprego, etcétera) dotándoas dos recursos necesarios para modificar as actuais cantidades de

reparto ata situalas nuns índices semellantes ao resto das deputacións do País, con criterios obxectivos, xustos e equitativos. 3.- Que os recursos públicos, os recursos de todas e todos, se repartan de xeito obxectivo na procura dunhas mellores condicións de vida para os nosos conveciños e conveciñas. Remata lembrando que os concellos desta provincia unicamente teñen garantidos en torno a noventa mil euros desta Deputación, e que os programas de cooperación non teñen en conta aspectos tan relevantes como a poboación ou o territorio.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): intervén para manifestar que ela non cree nos plans únicos senón nos plans provinciais, e que non se trata de malgastar o diñeiro público, senón de investilo onde é máis necesario. Amósase sorprendida porque non existe ningunha referencia ao reparto de fondos que fan outras AAPP, como por exemplo a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, que subvenciona unicamente a concellos gobernados polo PSOE, ou o Estado co reparto de fondos que fai entre as diferentes CCAA, en particular coa CA de Galicia. Por último lembra as contradicións do grupo do BNG, que na Deputación de Pontevedra, por exemplo, apoia os convenios directos co Concello de Vigo e nesta Deputación non fai o mesmo coas axudas ao Concello de Ourense.

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): comeza sinalando que estamos ante un fracaso de máis de trinta anos, que é o tempo que leva o grupo socialista denunciando esta situación, pero que o principal fracaso é do grupo de goberno do PP que non quere e non sabe ver as verdadeiras necesidades dos concellos, que precisan fondos suficientes e autonomía financeira e un financiamento xusto. Neste sentido lembra que os concellos se viron afectados nos últimos anos polas subas do SMI, as enerxéticas, as dos combustibles e outras, e non se aumenta o financiamento municipal, en particular nesta Deputación que ano tras ano incrementa os seus orzamentos e amosa remanentes de tesourería cada vez maiores, sen que iso teña ningún tipo de reflexo no financiamento municipal, en particular nos diferentes programas de cooperación dirixidos aos concellos. Lembra que en torno a un terzo do orzamento provincial é de libre disposición da Presidencia, polo que pide que de unha vez por todas nesta Deputación se coopere co financiamento dos concellos da provincia dunha forma xusta.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza sinalando que do financiamento das entidades locais efectivamente habería moito que falar e que é unha cuestión que afecta en maior medida á Administración do Estado. Lembra que neste mandato en torno a dezanove veces se trouxo a este pleno este debate sobre o plan único. Engade que o goberno provincial

aplica as súas estratexias e o seu propio modelo, xa que lexitimamente teñen a responsabilidade de gobernar esta Deputación. Este grupo de goberno non quere que a Deputación sexa unha mera repartidora de cartos senón que quere escoitar a concellos e entidades, buscando corrixir desequilibrios territoriais.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): nesta quenda sinala que este debate o teríamos aforrado de aceptar as peticións da oposición neste asunto, agardando que nas vindeiras eleccións de maio cambie o goberno e con isto o cambio de modelo de financiamento dos concellos da provincia. Reitera que é absolutamente impresentable que só o dez por cento da recadación do Estado se destine ás EELL e dentro destas saian beneficiadas en porcentaxe por habitante as grandes cidades e as deputacións en prexuízo dos concellos medianos e pequenos. Igualmente lembra que o fondo da Xunta de Galicia leva desde o ano 2009 sen ter ningún tipo de incremento. A continuación amosa as diferenzas de financiamento que reciben os concellos das provincias da Coruña, Pontevedra e Lugo con respecto á de Ourense, xa que aquelas si teñen un plan único no que os concellos saen moito máis beneficiados. Por último pídlle ao voceiro do PP que falen cos concellos do PP das outras provincias para ver se están conformes co modelo do plan único, advertíndolle que si, xa que se trata dun financiamento maior e moito máis xusto e equitativo.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): intervén para manifestar que se o PSOE leva trinta anos sendo oposición nesta Deputación por algo será e lémbrale ao grupo do BNG que o deputado desta formación política en Madrid foi chave para a elección do actual presidente do Goberno.

- 2ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): comeza indicando que o problema é que o financiamento dos concellos desta provincia depende da vontade do presidente provincial, e o que se debe buscar é que os concellos teñan fondos suficientes para auto xestionarse e para poder cofinanciar determinados proxectos municipais. Os concellos non precisan da tutela doutras AAPP, e é necesario que a vindeira corporación, sexa da cor política que sexa, aborde este tema e os concellos desta provincia teñan por fin un financiamento xusto e equitativo por parte desta Deputación Provincial.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): nesta quenda sinala que o camiño máis doado é que o goberno provincial que saia das vindeiras eleccións de maio aborde este tema e implante o seu modelo, e quen sabe quen gobernará, e por que modelo se aposta, xa que os mandatos mudan.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): para rematar sinala que por desgraza a provincia de Ourense nos últimos anos está en declive, en particular no eido demográfico, e que esta debe ser a principal cuestión a remudar. Non pode ser que a maioría do orzamento se distribúa de xeito discrecional e a minoría con criterios obxectivos, senón que debe ser todo o contrario. O 28 de maio a veciñanza ten unha oportunidade de ouro para decidir que provincia e que goberno provincial queren, e agarda que por fin se produza unha remuda neste goberno. O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (8), a abstención de DO (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita.

### **11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA RECLAMAR A MELLORA DOS SERVIZOS FERROVIARIOS DE MEDIA DISTANCIA PRESTADOS EN GALICIA POLA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL RENFE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): procede s dar lectura á moción do seu grupo, indicando que se trata dun texto moi traballado e consensuado cos diferentes colectivos afectados, e onde sinala que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) é o departamento competente para intervir no sector do transporte público de viaxeiros no Estado español, garantindo a prestación dos servizos de interese xeral, de acordo coas normativas europea e española. Por iso, o Goberno central declara regularmente determinadas relacións ferroviarias como obrigacións de servizo público (OSP), nas que a Administración Xeral do Estado garante a súa prestación a través do financiamento directo do seu déficit de explotación mediante fondos públicos. Asegúrase así o dereito á mobilidade dos cidadáns e a vertebración territorial. As actuais obrigas de servizo público establecéronse mediante un Acordo de Consello de Ministros o 15 de decembro de 2017 –relación modificada posteriormente– e teñen vixencia ata o ano 2027. Son prestadas mediante un contrato entre a Administración Xeral do Estado e a Sociedade Mercantil Estatal Renfe

Viaxeiros. Ademais, na actualidade, esa achega de fondos públicos directos incrementouse substancialmente coa aprobación, por parte do Goberno central, dos abonos e títulos multiviaxe gratuítos de Renfe para os servizos de Media Distancia (MD) e de proximidade, así como cos descontos e a gratuidade total de determinados servizos de Media Distancia de alta velocidade, Avant. Ese acordo, no ámbito territorial da comunidade autónoma de Galicia, inclúe expresamente, entre outras, as relacións de Media Distancia, tanto de carácter convencional como de alta velocidade, A Coruña◊Vigo, A Coruña◊Santiago de Compostela, Santiago de Compostela ◊Ourense, Santiago de Compostela◊Vigo, Pontevedra◊Vigo, Vigo◊Ourense, Vigo◊Ourense◊Monforte◊Ponferrada ou os servizos Avant Ourense◊Santiago de Compostela ◊A Coruña e a relación Ourense◊Zamora. De acordo con ese contrato, Renfe debe prestar estas relacións conforme a uns niveis de calidade en relación coa puntualidade e regularidade, calidade percibida, fiabilidade, comodidade, confort e limpeza, atención aos clientes e a seguridade. Os actuais servizos ferroviarios que unen as cidades galegas do eixo atlántico e Ourense, en liñas xerais, son rápidos, cómodos e eficientes, pero os e as socialistas cremos que hai marxe de mellora, sabendo ademais que estamos ante trens sufragados directamente con fondos públicos, unha situación que, ademais, se intensificou desde a activación, no ano 2022, de abonos gratuítos para usuarios e usuarias recorrentes, que supoñen unha maior transferencia directa de diñeiro público desde os orzamentos xerais do Estado. Segundo manifestan as asociacións e plataformas de usuarios e usuarias de servizos ferroviarios constituídas en Galicia nos últimos anos, un dos principais problemas que afrontan nos trens da comunidade autónoma, é a falta de adaptación dalgúns servizos ás necesidades reais dos viaxeiros e viaxeiras recorrentes, especialmente a primeira hora da mañá e a primeira hora da tarde nas relacións que unen, de luns a venres, Ourense coa Coruña e Vigo coa Coruña. Tamén relatan problemas de puntualidade. Estas plataformas aseguran que, en moitas ocasións, estes trens chegan con atrasos aos seus destinos, o que causa problemas no día a día dos pasaxeiros e pasaxeiras que usan estes servizos como medio para desprazarse a centros de traballo ou de estudo, así como erros na formalización e realización de viaxes combinados mediante transbordo ao ter que usar dous abonos diferentes. É fundamental que tanto Renfe como Adif –entidade responsable da xestión da infraestrutura ferroviaria– adopten as medidas necesarias para mellorar a puntualidade dos servizos, evitando estas situacións desagradables. Tamén cremos relevante incrementar as frecuencias dalgúns servizos de media distancia convencional en Galicia,

garantindo así que os usuarios e usuarias recorrentes poidan desprazarse de maneira rápida e eficiente por toda a rexión e non só polas cidades conectadas mediante alta velocidade. Desde o PSdeG-PSOE somos conscientes das actuais limitacións de material rodante, dos problemas de falta de persoal –xa en vías de solución– ou das actuacións e obras a desenvolver proximamente na infraestrutura por parte do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias que limitarán a prestación dos servizos. En todo caso, defendemos que determinadas propostas como o incremento de servizos madrugadores no Eixo Atlántico, os reaxustes horarios nos servizos entre Ourense e A Coruña ou o incremento de relacións directas de Media Distancia entre Ourense, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa e Vigo, poderían facerse co material existente, supoñendo, por tanto, un aumento nas rotacións do material e do persoal, pero non un aumento nos requirimentos de trens e recursos humanos. Tamén cremos necesaria, tal e como aseguran as plataformas de usuarios e usuarias, unha mellora das comunicacións de Renfe, co fin de garantir que estas persoas conten coa información necesaria e a antelación suficiente para planificar as súas viaxes de maneira eficiente e segura. Os e as socialistas reclamamos estas melloras nas conexións entre as diferentes poboacións de Galicia, co fin primordial de garantir que as persoas poidan desprazarse por toda a comunidade autónoma, de maneira eficiente, cómoda e respectuosa co medio ambiente e en igualdade de condicións, aproveitando o decidido impulso do uso do ferrocarril acordado polo actual Goberno central, mediante a implantación de abonos gratuítos ou a través do importante investimento nas infraestruturas ferroviarias, tanto o executado no último lustro, como o programado para os próximos meses e anos. Igualmente reivindicamos unha actuación de mediación da Secretaría de Estado de Transportes coa Entidade Pública Empresarial Renfe-Operadora, a fin de obter as melloras solicitadas polos usuarios e usuarias. Tamén queremos que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana se involucre no desenvolvemento do plan de mellora da puntualidade para optimizar os servizos actuais. Por iso, desde o PSdeG-PSOE propoñemos unha relación de cambios e melloras que deberían ser executados, o máis axiña posible, nos actuais servizos de Media Distancia prestados en Galicia por Renfe –na súa maioría declarados obriga de servizo público– co fin primordial de garantir o dereito á mobilidade, dentro dunha oferta adaptada á demanda real, actual e futura, e asegurando, en todo caso, os maiores estándares de calidade, seguridade e respecto polo medio ambiente. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo: 1. Instar á Sociedade Mercantil Estatal Renfe Viaxeiros e ao Ministerio de

Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana á ampliación de frecuencias nas relacións ferroviarias de Media Distancia Avant prestadas entre A Coruña e Ourense, establecendo un novo servizo diario ás 21:00 horas en sentido A Coruña>Santiago>Ourense, co fin de suplir a ausencia total de relacións neste sentido a partir das 19:50 horas. 2. Instar á Sociedade Mercantil Estatal Renfe Viaxeiros e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a atrasar ás 06:30 horas o tren Avant que sae da Coruña sentido Ourense ás 05:55 horas e a atrasar ás 15:30 horas o tren Avant que sae da Coruña sentido Ourense ás 15:10 horas, para poder ofrecer un servizo máis eficiente aos usuarios e usuarias que deben chegar ou regresar dos seus centros de traballo ou estudo. 3. Instar á Sociedade Mercantil Estatal Renfe Viaxeiros e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a establecer novos servizos ferroviarios directos de Media Distancia entre Ourense, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa e Vigo, aproveitando a nova liña existente entre Ourense e Conxo e o Eixo Atlántico, mediante a creación de seis relacións diarias en ambos os sentidos entre as provincias do sur de Galicia, evitando os transbordos en Santiago de Compostela que penalizan a duración e eficiencia das viaxes actuais, pouco competitivas fronte ás circulacións por estrada, e sabendo do próximo peche por obras da liña convencional entre Ourense e Vigo polo río Miño, así como do avultado número de desprazamentos diarios que se producen entre ambas provincias segundo destapa a big data de mobilidade recompilada polo Mitma. 4. Instar á Sociedade Mercantil Estatal Renfe Viaxeiros e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana á ampliación de frecuencias en horario madrugador, nas relacións ferroviarias de Media Distancia prestadas entre A Coruña e Vigo, establecendo un servizo, en ambas as direccións, con saída ás 06:00 horas e outro ás 08:00 horas, co fin de atender a demanda real de persoas que comezan a traballar ou a estudar que redor das 8 da mañá. 5. Instar á Sociedade Mercantil Estatal Renfe Viaxeiros e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a mellorar a conexión de Media Distancia entre Ourense e O Carballiño, creando novos servizos e adaptando os horarios, na medida do posible, ás necesidades expostas pola Plataforma de Transportes do Carballiño. 6. Instar á Sociedade Mercantil Estatal Renfe Viaxeiros e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a mellorar os servizos ferroviarios de Media Distancia entre Ourense e as comarcas de Lemos e Valdeorras, coa creación de novos servizos e recuperando o tren suprimido pola pandemia Vigo<>Ourense<>Monforte de Lemos<>Ponferrada<>León, aínda pendente de reimplantación. 7. Instar á Sociedade Mercantil Estatal Renfe Viaxeiros, á Entidade Pública

Empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (Adif) e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, ao desenvolvemento dun plan de puntualidade para Galicia, que permita eliminar os atrasos que se producen na prestación de servizos ferroviarios de Media Distancia dentro da comunidade autónoma. 8. Instar á Entidade Pública Empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (Adif) a realizar as actuacións e investimentos necesarios que permitan eliminar as limitacións temporais da velocidade (LTV), que provocan drásticas reducións da marcha na rede ferroviaria de Galicia, especialmente no Eixo Atlántico, e tamén á posta en servizo do sistema ERTMS entre Vigo e A Coruña e na liña Ourense-Santiago de Compostela na contorna desta última cidade, o que melloraría a eficiencia de todas as circulacións da rede galega. 9. Instar a Renfe ao aumento dos puntos de venda e atención presencial en Ourense (un máis), xa que só existen dúas xanelas nesta estación que aumentou a demanda de información e venda presencial considerablemente nos dous últimos anos, tras sumar 1,8 millóns de usuarios e usuarias durante o ano 2022 e cunhas previsións de seguir incrementando considerablemente esta cifra.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): intervéñ para sinalar que vai apoiar esta iniciativa política xa que comparte todas as propostas de acordo e considera que son moi favorables para os intereses da nosa provincia.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): indica que se trata dunha petición que deba ser aprobada por unanimidade xa que expón un servizo ferroviario de calidade para o país. Cabería engadir que se faga chegar esta proposta ao Goberno de Madrid, que é o competente, pero non se iso deixar de apoiar esta iniciativa política no pleno desta Deputación Provincial.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): anuncia o voto favorable do grupo de DO a esta moción do grupo socialista.

- 1ª intervención Jorge Pumar (grupo do PP): comeza sinalando que lle sorprende que o grupo socialista traia esta moción a unha administración que é claramente incompetente nesta materia, cando o PSOE goberna en Madrid, sendo o Estado o que ten as competencias. Engade que esta moción amosa os incumprimentos do Estado nesta materia con esta provincia, que perdeu moitas das conexións existentes co pretexto da pandemia e moitas delas non foron recuperadas. Sen prexuízo do indicado sinala que van apoiar esta moción, e que o texto coincide coas demandas que xa foron aprobadas no Parlamento de Galicia. Lembra que

as frecuencias da nosa provincia non atendem ás necesidades dos usuarios e que existe falta de puntualidade nas liñas existentes, e que estes problemas deben abordarse necesariamente.

- 2ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): comeza agradecendo o apoio de todos os grupos e esta moción e que as felicitacións deben ser para as plataformas de usuarios que levan loitando por este tema varios anos. Remata indicando que estas propostas son positivas e que ao grupo socialista lle interesa que se levan a cabo o máis pronto posible.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto de don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar á Sociedade Mercantil Estatal Renfe Viaxeiros e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana á ampliación de frecuencias nas relacións ferroviarias de media distancia Avant prestadas entre A Coruña e Ourense, establecendo un novo servizo diario ás 21:00 horas en sentido A Coruña>Santiago>Ourense, co fin de suplir a ausencia total de relacións neste sentido a partir das 19:50 horas.
2. Instar á Sociedade Mercantil Estatal Renfe Viaxeiros e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a atrasar ás 06:30 horas o tren Avant que sae da Coruña sentido Ourense ás 05:55 horas e a atrasar ás 15:30 horas o tren Avant que sae da Coruña sentido Ourense ás 15:10 horas, para poder ofrecer un servizo máis eficiente aos usuarios e usuarias que deben chegar ou regresar dos seus centros de traballo ou estudo.
3. Instar á Sociedade Mercantil Estatal Renfe Viaxeiros e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a establecer novos servizos ferroviarios directos de media distancia entre Ourense, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa e Vigo, aproveitando a nova liña existente entre Ourense e Conxo e o Eixo Atlántico, mediante a creación de seis relacións diarias en ambos os sentidos entre as provincias do sur de Galicia, evitando os transbordos en Santiago de Compostela, que penalizan a duración e eficiencia das viaxes actuais, pouco competitivas fronte as circulacións por estrada, e sabendo do próximo peche por obras da liña convencional entre Ourense e Vigo polo río Miño, así como do avultado número de desprazamentos diarios que se producen entre ambas provincias segundo destapa a *big data* de mobilidade recompilada polo Mitma.

4. Instar á Sociedade Mercantil Estatal Renfe Viaxeiros e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana á ampliación de frecuencias en horario madrugador, nas relacións ferroviarias de media distancia prestadas entre A Coruña e Vigo, establecendo un servizo, en ambas as direccións, con saída ás 06:00 horas e outro ás 08:00 horas, co fin de atender a demanda real de persoas que comezan a traballar ou a estudar ao redor das 8 da mañá.
5. Instar á Sociedade Mercantil Estatal Renfe Viaxeiros e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a mellorar a conexión de media distancia entre Ourense e O Carballiño, creando novos servizos e adaptando os horarios, na medida do posible, ás necesidades expostas pola Plataforma de Transportes do Carballiño.
6. Instar á Sociedade Mercantil Estatal Renfe Viaxeiros e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a mellorar os servizos ferroviarios de media distancia entre Ourense e as comarcas de Lemos e Valdeorras, coa creación de novos servizos e recuperando o tren suprimido pola pandemia Vigo◊Ourense◊Monforte de Lemos◊Ponferrada◊León, aínda pendente de reimplantación.
7. Instar á Sociedade Mercantil Estatal Renfe Viaxeiros, á Entidade Pública Empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (Adif) e ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, ao desenvolvemento dun plan de puntualidade para Galicia, que permita eliminar os atrasos que se producen na prestación de servizos ferroviarios de media distancia dentro da comunidade autónoma.
8. Instar á Entidade Pública Empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (Adif) a realizar as actuacións e investimentos necesarios que permitan eliminar as limitacións temporais da velocidade (LTV), que provocan drásticas reducións da marcha na rede ferroviaria de Galicia, especialmente no Eixo Atlántico, e tamén á posta en servizo do sistema ERTMS entre Vigo e A Coruña e na liña Ourense-Santiago de Compostela na contorna desta última cidade, o que melloraría a eficiencia de todas as circulacións da rede galega.
9. Instar a Renfe ao aumento dos puntos de venda e atención presencial en Ourense (un máis), xa que só existen dúas xanelas nesta estación que aumentou a demanda de información e venda presencial considerablemente nos dous últimos anos, tras sumar 1,8 millóns de usuarios e usuarias durante o ano 2022 e cunhas previsións de seguir incrementando considerablemente esta cifra.

**12º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA IMPULSAR AXUDAS ÁS FAMILIAS DE NENOS E NESAS CON ENFERMIDADES ONCOLÓXICAS QUE DEBEN SER TRATADOS FÓRA DA PROVINCIA DE OURENSE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): sinala que estamos diante dunha iniciativa política de “extrema necesidade” e que pretende atallar a desigualdade que sofre esta provincia en particular e o interior de Galicia en xeral. Segundo os datos da Sociedade Española de Oncoloxía Médica, o Servizo de Oncoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) conta cuns 60 profesionais entre médicos, médicas, enfermeiros e enfermeiras especializados, así como outros profesionais sanitarios. Tamén conta con seccións dedicadas á docencia, a proxectos de investigación e con prazas MIR para formación nas especialidades de oncoloxía. Sen embargo, non atende a nenos e nenas afectados por enfermidades oncolóxicas. A ningún. En Galicia só existen tres unidades específicas de oncoloxía pediátrica en tres complexos hospitalarios, todos no eixo atlántico: CHUAC da Coruña, CHUS de Santiago e CHUVI de Vigo. Esta estraña e irracional distribución dun servizo esencial, na que unha das catro provincias galegas (A Coruña) conta con dúas unidades moi próximas en tempo e distancia, mentres que outras dúas provincias (Ourense e Lugo) non teñen ningunha, provoca que moitas familias teñan que trasladarse durante longos períodos –incluso anos– a outras cidades, para que os seus fillos e fillas reciban tratamento. Este desprazamento supón un importante gasto económico, xa que, ademais das viaxes, o tempo de estadia no hospital implica unha mudanza forzosa dos seus proxenitores ou titores para o acompañamento. Actualmente, a unidade de oncoloxía pediátrica do hospital Álvaro Cunqueiro atende a uns 150 menores das áreas de Vigo e Ourense. A maioría deles xa están en fase de seguimento en consulta, unha vez concluído o tratamento continuado no hospital, unha etapa que supón desprazamentos regulares a este centro sanitario. Concretamente, o Hospital de Día Pediátrico do CHUVI atende unha media diaria de 8 pacientes desde ámbito. O seguimento dos nenos e nenas que xa concluíron o período hospitalario oscila entre cinco e dez anos, segundo o tipo de tumor o que supón, inicialmente, varios desprazamentos á semana ata alí. Pero, previamente, a maioría requiriron de longos períodos de hospitalización continuada nos que, a pesar de ser traslados forzosos porque non existe outra alternativa para sobrevivir, non recibiron apoio público algún. Os e as

socialistas defendemos facilitar axudas, directa ou indirectamente, aos nenos e nenas residentes en Ourense con enfermidades oncolóxicas, así como ás súas familias, que non poden facer fronte a esta situación. Consideramos vital o traballo que executan todas as asociacións que traballan na actualidade neste ámbito e defendemos o papel fundamental das persoas que forman parte delas xa que, desinteresadamente, están a suplir unha labor de axuda, acompañamento e asistencia que debería estar a facer as administracións públicas. É imprescindible promover desde todas entidades de carácter público ou privado melloras na atención sanitaria destas persoas, así como apoio ás súas familias nun momento tan complicado. Por iso cremos que a Deputación Provincial de Ourense debe actuar canto antes ante unha necesidade da nosa veciñanza, que é vital para o seu presente o seu futuro. Algunhas das persoas nesta situación relatan nos medios de comunicación auténticas sucesións de adversidades e pesadumes para tratar aos seus fillos e fillas, que pasan por durmir durante meses nos seus vehículos estacionados na contorna do centro hospitalario onde reciben o tratamento ou nunha incómoda cadeira da habitación, onde o cativo ou cativa está ingresado. Segundo a información publicada nos medios, unha media anual de cinco familias da provincia de Ourense precisa de axuda económica externa ou de solucións habitacionais alleas, para facerlle fronte a este período no que están desprazados, xa que non poden afrontar en solitario os elevados custos económicos ou porque, directamente, carecen dun lugar onde durmir. O cancro infantil non se pode previr, pero a taxa de supervivencia é elevada. A día de hoxe este índice sitúase, aproximadamente, nun 82 %, manténdose sempre á alza nos últimos anos. Por iso, desde o PSdeG-PSOE de Ourense cremos vital reclamar apoio expreso das institucións públicas ourensás ás familias destes nenos e nenas afectados por enfermidades oncolóxicas, que se ven obrigadas a desprazarse a outras provincias para que os seus pequenos e pequenas sobrevivan. A Deputación Provincial debe prestar, á maior brevidade posible, apoio económico ou material a estas familias ourensás –directa ou indirectamente a través das asociacións que traballan neste ámbito– que, por decisións políticas que negan esta asistencia sanitaria na nosa provincia, deben desprazarse fóra, asumindo un importante gasto económico, así como un importante desgaste persoal ante un diagnóstico tan agresivo. Igualmente cremos necesario que a Deputación ourensá, como máxima institución representante dos intereses da nosa provincia, debe reclamar un cambio nas políticas sanitarias da Xunta de Galicia que distribúen o gasto e a prestación de servizos sanitarios en materia de oncoloxía infantil. Desde o PSdeG-PSOE consideramos irracional,

pouco eficiente e escasamente humano que unha provincia galega conte con dúas unidades, mentres hai outras sen ningunha, onde familias enteiras sofren un auténtico calvario para ser atendidos ante unha enfermidade tan complexa como é un cancro. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO: 1. O pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial a aprobar axudas económicas, mediante a fórmula legal que mellor aconsellen os técnicos, destinadas ás familias de nenos e nenas residentes en Ourense, afectados ou afectadas por enfermidades oncolóxicas, que se ven obrigadas a desprazarse a outras provincias para que os seus pequenos e pequenas sobrevivan. 2. O pleno da Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a reequilibrar o sistema galego de atención sanitaria no ámbito da oncoloxía pediátrica, creando no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) unha unidade específica para este servizo, de referencia interprovincial e que atenda aos nenos e nenas enfermos de cancro de todo o interior da comunidade autónoma, evitando que a duplicidade nunha mesma provincia provoque que outras dúas carezan desta prestación, motivando adversos e prolongados desprazamentos forzosos das familias afectadas.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): fai uso da palabra para manifestar que está totalmente a favor de pedir esta unidade oncolóxica pediátrica para a nosa provincia e que apoiará co seu voto esta iniciativa.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): indica que xa na comisión informativa indicou que isto está por enriba da política e que as competencias en materia de sanidade son da Xunta de Galicia e do Estado, non da Deputación. Engade que debe existir cobertura para as familias que se enfrontan a estas situacións e o voto do BNG vai ser favorable para que Ourense teña unidade oncolóxica pediátrica.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): intervén para manifestar o voto favorable a esta moción.

- 1ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): comeza indicando que o seu grupo vai apoiar esta moción do grupo socialista, se ben é preciso facer algún matiz. Así, indica que non hai en Galicia ningún servizo de oncoloxía médica para menores de quince anos, senón que esta se fai por os propios pediatras que teñen a experiencia neste ámbito, e por enriba destas idades xa o fan os servizos de oncoloxía. Na área sanitaria da nosa provincia a área de referencia é Vigo, e afortunadamente, aínda que cada caso é un mundo, e en todo o ano 2022 foron seis os casos tratados nesta cidade. Engade que a Xunta de Galicia ten unha orde onde

se regulan axudas por desprazamentos, hospedaxe e manutención para as familias afectadas, e que está en trámite unha modificación destas por estar algo desfasadas. Remata reiterando o voto a favor do grupo popular.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): manifesta en primeiro lugar os seu agradecemento a todos os grupos polo apoio a esta moción. A continuación sinala que precisamente neste asunto debe intervir a política por ser xestión pública, sen que isto queira dicir que se monopolice ou instrumentalice por algún partido político. Sinala que neste caso as competencias son do SERGAS e que coñece o anteproxecto de modificación que está en trámite e haberá que revisalo e facerlle melloras xa que subir o prezo do quilómetro de 12 céntimos a 15 céntimos, ou establecer unha contía máxima de 30,00 € para gastos por proxenitor parece a todas luces insuficiente.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. O pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial a aprobar axudas económicas, mediante a fórmula legal que mellor aconsellen os técnicos, destinadas ás familias de nenos e nenas residentes en Ourense, afectados ou afectadas por enfermidades oncolóxicas, que se ven obrigadas a desprazarse a outras provincias para que os seus pequenos e pequenas sobreviván.

2. O pleno da Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a reequilibrar o sistema galego de atención sanitaria no ámbito da oncoloxía pediátrica, creando no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) unha unidade específica para este servizo, de referencia interprovincial e que atenda aos nenos e nenas enfermos de cancro de todo o interior da comunidade autónoma, evitando que a duplicidade nunha mesma provincia provoque que outras dúas carezan desta prestación, motivando adversos e prolongados desprazamentos forzosos das familias afectadas

**13º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** O Sr. presidente anuncia que existe unha moción presentada polo Grupo Socialista, ao que lle cede a palabra para que xustifique a urxencia na presentación da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): comeza indicando que por desgraza hoxe a atención mediática está para falar de problemas particulares de persoas que non se adaptan ao que debe ser un mínimo de decoro nunha administración como esta. Desde o punto de vista formal formulados esta moción pola vía de urxencia porque estes feitos aconteceron unha vez que o grupo socialista xa tiña presentadas as dúas mocións ás que ten dereito por sesión plenaria e xa tiñan sido ditaminadas en comisión informativa. Engade que se se rexeita o tratamento da moción por esta vía por parte do grupo de goberno, existen outros mecanismos para debater e coñecer este asunto en profundidade, e que o grupo socialista os empregará porque é o seu traballo. Por enésima vez imos tratar nesta Deputación cuestións que nada teñen que ver coa exemplaridade na vida pública, e por desgraza o temos que facer porque o presidente non é exemplar á hora de acometer o seu traballo. Ademais da vía formal, temos que traer esta cuestión porque estamos a falar dun feito moi grave, que se se produce no eido privado xa o sería de por si, pero hai unha cousa que non é menor, a 215 km/h nunha vía pública, estamos falando dun delito contra a seguridade viaria e non se trata dun despiste e que non pode acontecer desde o ámbito privado, pero a maiores neste caso, isto acontece cun vehículo desta institución e nun momento non que se coñece o motivo desa viaxe, un domingo, a deshora, dicindo que tiña concertada una reunión en Madrid que non estaba na axenda e non hai máis explicacións que as súas propias verbas. Pregunta que pasaría se un traballador desta Deputación, un domingo, sube a un vehículo do parque de maquinaria e o emprega para unha obra privada. Isto debe ser igual co máximo responsable desta Deputación, e máis cando non estamos diante dun caso illado, xa que parece que desde 2021 este vehículo leva en torno a dez multas, e en moitas delas non se identifica ao condutor, polo que o importe da multa se incrementa e acaban pagando os cidadáns desta provincia. A lealdade e amizade dos deputados e deputadas do PP debe vir por dicirlle ao presidente que non pode continuar nesa cadeira, e pregunta se queren trasladarlle á cidadanía esta imaxe. Señor presidente, levo debatido con vostede en moitas ocasións, e vostede que é unha persoa intelixente, sabe que acaba de meter a pata ata o fondo, e que as máximas autoridades do seu partido lle din que se ten que ir para a súa casa, como fixo onte a voceira do grupo popular no Congreso, ou o mesmo presidente da Xunta de Galicia. Pregunta senón hai ningún deputado ou deputada do PP que poida representar a esta institución con dignidade, e non pode seguir pasando que este señor siga empregando esta institución como se fose a súa propia casa, e os

cidadáns desta provincia deben mudar esta situación o vindeiro 28 de maio. Aos veciños e veciñas de Ourense hai que explicarlles que nas vindeiras eleccións se se vota ao PP se ampara a este señor, e isto é o que hai que mudar. Estas situacións son desagradables para todos, tamén para os grupos da oposición. Señor presidente, vostede ten que presentar a súa dimisión, e o sabe. Vostede non pode ampararase nestas persoas que defenden o indefendible. Cando nos estábamos preparando esta moción, miramos os prezos do ALVIA e do AVE, e xa que vostede está citado o vindeiro 8 de maio para un xuízo en Puebla de Sanabria, acuda neste transporte público e non dea máis que falar. Señores e señoras do Partido Popular, pídolles e prégolles que non amparen máis estas condutas polo ben da democracia, desta provincia e da política, xa que estamos diante de actitudes intolerables, impresentables e indecentes que ningunha institución pode amparar.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): manifesta que o voceiro do PSOE nos esixe que hai que votar a favor desta urxencia, e creo que estamos nun proceso de dilixencias penais neste asunto, e ningún dos deputados somos xuíces. Pídelle que respecten a presunción de inocencia e os procesos xudiciais en trámite, tal e como pide o PSOE cando afecta aos seus cargos públicos. Cónstanos a todos que o presidente da Deputación no día de onte presentou unha carta pedindo desculpas e debemos agardar á finalización do proceso xudicial e non tentar sacar réditos electorais.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): intervén para manifestar que o voto vai ser favorable xa que este asunto non debe ser pechado e si tratado para darlle respostas á cidadanía. Todos somos humanos e todos temos erros, pero cando se é representante público e usando medios públicos, a cousa é moito máis grave. Por isto entendo que se debe debater esta moción hoxe e o BNG vai apoiar a urxencia da moción xa que sería beneficioso para esta institución que hoxe fose un punto e á parte neste asunto.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): anuncia o voto a favor do seu grupo respecto da urxencia formulada.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): comeza indicando que o voceiro socialista non expuxo a urxencia da moción senón que entrou e a tratou en profundidade, polo que está máis que debatida. En todo caso sinala que o seu grupo está en contra de recoñecer a urxencia por unha cuestión clara, porque as mesmas cuestións desta moción son presentadas na quenda de rogos e preguntas. Para rematar e para amosar a dobre vara de medir do grupo socialista, indica que nada se escoitou en casos comparables que afectaron a membros desde partido,

como por exemplo, un concelleiro no concello de Verín do PSOE por dar positivo nun control de alcoholemia, ou cando o alcalde de Verín foi multado por conducir un coche a nome dun falecido, sen ITV e sen seguro obrigatorio. Sen ánimo de reabrir nada, lembra que o portavoz socialista Rodríguez-Villarino foi investigado no ano 2019, por presuntos delitos de malversación, prevaricación, suborno e falsidade en documento público. Con isto quero dicir que non me consta que vostedes dixeran nada ao respecto destas conductas. Nós, no PP, fomos moito máis elegantes e comprensivos. Erros cometemos todos e a valoración destes é moito máis subxectiva. Por último, sorprende que vostedes saiban moito máis deste asunto que o propio interesado, que a estas horas non sabe que está citado para comparecencia, e o grupo socialista parece que si ten esa información.

- intervención por alusións de Rodríguez-Villarino (grupo do PS de G-PSOE): no ano 2019 foron arquivadas as dilixencias previas, logo dunha montaxe política do grupo popular durante seis anos nos que se xogou coa miña reputación, e pódolle asegurar que de min non terán nada que dicir.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a urxencia da moción para esixir responsabilidades a José Manuel Baltar tras ser denunciado pola Garda Civil por un suposto delito contra seguridade viaria cometido cun coche oficial da Deputación, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), de DO (1) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (11) e da deputada non adscrita.

#### **14º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-**

O Sr. presidente, para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dálle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de xaneiro de 2023.

Seguidamente dá conta tamén do informe resumo anual do resultado do control interno do exercicio de 2022 así como do Plan anual de control financeiro para o exercicio 2023.

Os membros da Corporación quedan informados.

**15º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Aurentino Alonso Araújo (Grupo Socialista). Con data de 25 de agosto de 2020 presentamos solicitude de acceso ao expediente “obras de innovación artificial da estación de montaña de Manzaneda”. A resposta recibida da Deputación Provincial de Ourense en data 21 de setembro de 2020 informaba que esta solicitude debía dirixirse ao Consello de Administración de Meisa, cuestión que realizamos en data 25 de setembro de 2020. Aínda a día de hoxe sen resposta ¿Teremos resposta e acceso nas escasas semanas que quedan desta lexislatura a documentación solicitada ao Consello de Administración de Meisa do cal forma parte esta Deputación Provincial de Ourense?

O Sr. presidente, di que o acceso ao expediente debe solicitarlo ao Consello de Administración de Meisa e desde a Deputación reiterarán a súa solicitude.

Rafael Rodríguez Villarino (Grupo Socialista). 1.- ¿Por que razón viaxaba o presidente da Deputación de Ourense a Madrid un domingo nun dos coches oficiais da institución?

2.- Se era unha viaxe oficial, tal e como aseguraron fontes do goberno provincial a algúns medios de comunicación ¿por que razón non conducía o vehículo oficial un dos choferes da Deputación de Ourense? 3.- ¿Por que o presidente da Deputación superou, segundo denuncia da Garda Civil, a velocidade máxima permitida, ata rebasar os 215 km/h no punto quilométrico 67 da autovía das Rías Baixas, na provincia de Zamora co coche oficial? 4.- Se era unha viaxe oficial a un acto como representante da Deputación ¿por que viaxaba acompañado o presidente da Deputación no coche oficial? 5.- ¿Con quen viaxaba o presidente da Deputación no coche oficial? 6.- ¿En que hotel de Madrid se aloxou o presidente da Deputación a noite do domingo ao luns e cal é o número identificativo da factura para aboar o custo dese aloxamento, por tratarse dun desprazamento oficial? 7.- Se o presidente viaxou a Madrid de motu propio en viaxe oficial por razóns de traballo nun coche oficial da Deputación ¿quen aboou o prezo da peaxe da autopista AP-6, entre Villalba e Adanero? Pode amosar o presidente a este pleno o recibo, xustificante de pago, extracto de tarxeta bancaria, extracto de sistema de telepago ou calquera outro documento de análoga natureza, no que figure o pago desa autopista AP-6 o domingo 23 ou o luns 24 de abril? ¿Pode citar a este pleno o número identificativo desa operación de pago? 8.- ¿Por que razón non fixo inmediatamente pública o presidente da Deputación, líder estatal da transparencia segundo el

mesmo afirma, a denuncia imposta pola Garda Civil o domingo 23 de abril por circular a 215 km/h nun tramo limitado a 120, violando o artigo 379.1 do Código Penal? 9. ¿Pensa utilizar o presidente da Deputación os servizos xurídicos desta institución para a súa defensa ante a xustiza, trala denuncia por un suposto delito contra a seguridade viaria, materializada pola Garda Civil? 10.- ¿Pensa dimitir o presidente da Deputación tras ser denunciado pola Garda Civil por un presunto delito contra a seguridade viaria que puxo en risco a vida doutras persoas, feitos que incumpren manifestamente o código ético da institución que o propio presidente redactou? 11.- ¿Quen conducía o vehículo de titularidade da Deputación que foi sancionado o 19 de setembro de 2021, por exceder tamén o límite de velocidade na N-120, nas proximidades da localidade luguesa de Monforte de Lemos? 12.- ¿Por que a Deputación de Ourense non identificou debidamente ao condutor ou condutora sancionado con outra multa, imposta a ese mesmo vehículo de titularidade da institución, o 19 de setembro de 2021 na estrada N-120 na provincia de Lugo, o que provocou recargas na multa ata os 1.500 euros? 13.- Recorreu a Deputación de Ourense a multa imposta o 19 de setembro de 2021? 14.- Pode confirmar o presidente da Deputación que 3 choferes da institución provincial manifestaron por escrito que eles non conducían o vehículo de titularidade da Deputación sancionado o 19 de setembro de 2021, cuxa sanción ascende a 1.500 euros por non identificar ao condutor ou condutora? 15.- ¿Teñen os vehículos da Deputación de Ourense usados por membros do goberno provincial instalados dispositivos antiradar ou avisadores de radar?

Sr. presidente. En resposta á primeira pregunta di que o luns 24 de abril tiña varios encontros de xestión ordinaria como presidente da Deputación. Entre outros encontros, nesa mañá, mantiven unha reunión de xestión co xerente da Fundación Democracia y Gobierno Local (da que a Deputación é patrono), par abordar futuras actividades da Fundación e proxectos; e co presidente do Instituto para o Futuro do Turismo, no que fun convidado a participar como relator nun evento a celebrar no mes de xuño en EntreRíos Arxentina, na miña condición de presidente da Asociación Europea de Cidades Históricas Termals, entre outros asuntos. Con respecto á segunda pregunta contesta que como funcionario público, conduzo desde hai moitos anos, e dun xeito habitual, coches oficiais en desprazamentos para abordar temas institucionais. Con respecto á terceira preguntas di que reitera as desculpas e repite que nun momento de despiste acontecido nunha longa recta da A-52, sen referencias de ningún tipo, situeime por riba dos límites de velocidade permitidos. En canto á cuarta pregunta responde

que non viaxaba en compañía de ninguén, que responden tamén á pregunta quinta, xa que dixo que viaxaba el só. Á pregunta sexta responde que por tratarse esta cuestión dunha pregunta que afecta á miña vida privada, limitareime a indicarlle que non pasei a noite en Madrid e, como noutras ocasións, non se repercutiron cargos nin axudas de custo á Deputación. Con respecto á sétima pregunta di que non utilizou esa vía de entrada a Madrid, e reitero que nesta viaxe, como noutras ocasións, non se repercutiu ningún cargo nin axudas de custo á Deputación. Á pregunta oitava responde: asumín persoalmente o erro, aboando a sanción en período voluntario, sen facer alegacións. En relación coa pregunta novena contesta que evidentemente non; cumprín co pagamento da sanción administrativa o pasado mércores 26 de abril, ás 8.24 horas. Á pregunta décima responde que non. Pregunta décimo primeira: eu non conducía ese vehículo, e de acordo co informe emitido polo xefe do Parque Móbil de Presidencia o 15 de outubro de 2021, resultou imposible identificar ao condutor. Á pregunta décimo segunda responde que o informe emitido polo xefe do Parque Móbil de Presidencia o 15 de outubro de 2021 di o seguinte: “o Parque Móbil de Presidencia esta integrado por 6 choferes – condutores que prestan servizos de traslado e asistencia personalidades, altos funcionarios e representantes públicos da Deputación de Ourense. Actualmente o Parque Móbil de Presidencia dispón de 8 vehículos e os anteditos 6 traballadores da administración pública prestan servizo con total dispoñibilidade de horarios”. O dito informe conclúe “como xefe do Parque Móbil de Presidencia, tras ter analizado toda a información recollida na denuncia da DXT con núm. De expediente 27-045-743.370-6 e tendo entrevistado aos 6 traballadores do servizo, informo que: non dispendo de datos fidedignos sobre o servizo que tivo lugar o 19 de setembro na N-120 no punto quilométrico 528.7 sentido D ás 11.08 horas, resulta imposible afirmar con certeza quen conducía o vehículo que produciu a infracción”. Á pregunta décimo terceira responde que non. Á pregunta décimo cuarta responde que non ten constancia e á pregunta décimo quinta responde que non ten constancia de dispositivo ningún.

Aurentino Alonso Araújo (Grupo Socialista). Na Comisión de Cooperación do 19 de abril pasado, e a preguntas do voceiro do BNG sobre a existencia ou non de mandos dos Parques Comarcais de Incendios de garda fora da xornada laboral fixa para o caso de incidencias de alcance, respondeu o Sr. presidente da Comisión que, a raíz dunha sentenza xudicial obrigando ao pago de horas extras e por problemas de acordo cos sarxentos, esas funcións

neste momento estaas desempeñando o Xerente, e cando hai calquera incidencia, o xerente e o que está solucionando. Logo de analizar a resposta e a repercusión que este labor implica nos catro parques comarcais pertencentes ao Consorcio Provincial, a preocupación e as dúbidas xurdidas son moitas e transcendentales para a correcta prestación do servizo . O xerente, aparte do seu horario de traballo como tal, nesas condicións de ter que atender o teléfono das gardas fora da xornada laboral fixa para o caso de incidencias de alcance, ¿Cantas horas semanais, mensuais e anuais estará de garda para atender o teléfono en caso de incidencias de alcance en calquera dos catro parques comarcais?. Cando colla as vacacións, ou cando teña que coller unha baixa ou cando lle xurda un imprevisto ¿quen vai asumir esa responsabilidade? ¿Canto tempo calculan vostedes que vai estar o xerente realizando esa labor de garda? ¿Consideran vostedes que está correctamente atendido por unha sola persoa tódolos días do ano o servizo de gardas dos catro parques para o caso de incidencias de alcance? ¿Está de acordo o xerente con esa encomenda de atender o teléfono das gardas fora da xornada laboral para o caso de incidencias de alcance? ¿Está de acordo en asumir esa responsabilidade?

Sr. presidente. Á primeira pregunta responde que, segundo informa o presidente do Consorcio, na RPT do Consorcio Provincial na ficha de descrición do posto de traballo (páxina 10 do documento da RPT) figura en observacións: "dispoñibilidade horaria (dedicación para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual deste). Nas normas de valoración do complemento específico, (páxinas 19 e seguintes do documento da RPT), figuran os distintos factores con seus niveis e graos e figura no apartado de dedicación o xerente coa puntuación máxima 85 puntos (páxina 27). Segundo figura na factor dedicación, corresponden ao xerente o nivel ou grao 3 (páxina 25) e ao factor dedicación en grao 3 correspóndelle (páxina 22 do documento RPT): "dedicación plena realizando unha xornada de traballo de 40 horas semanais, sen prexuízo dos incrementos horarios que ocasionalmente sexan precisos por necesidades do servizo, ademais de ter dispoñibilidade plena para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual para garantir a alta responsabilidade económica, contable e legal da que depende o correcto funcionamento do CIS". Á segunda pregunta responde que esta responsabilidade durará en canto non se nomee un novo director técnico, xa sexa por unha atribución temporal de funcións (ATF), comisión de servizos ou outra figura que permita a normativa en vigor, ou cando remate o proceso para cubrir a praza con carácter fixo actualmente en tramitación no proceso de estabilización. Á terceira pregunta responde que non é a forma máis idónea, pero

mentres non se resolvan os problemas antes citados debe ser así. Non obstante, cabe mencionar que este problema xa ocorreu en anos anteriores e, en esencia, o servizo non se resentiu como prestación do servizo de cara á cidadanía. Para finalizar, á cuarta pregunta responde que a esa cuestión debe responder directamente o xerente, pero en ausencia do director técnico debe ser o xerente o que asuma as funcións, xa que o factor de dedicación en grao máximo e a conseguinte dispoñibilidade así o recollen, tal e como se describiu anteriormente na RPT en vigor.

Bernardo Varela López (BNG). En relación cos feitos coñecidos esta semana ao respecto dunha conducta manifestamente temeraria por parte de D. Jose Manuel Blatar Blanco, presidente da Deputación Provincial de Ourense, ao volante dun vehículo propiedade desta institución. Solicitamos a resposta ás seguintes preguntas, que lamento profundamente ter que facer xa que en ningún modo benefician e dan crédito á Institución na que entendo que debemos representar dignamente os nosos veciños e veciñas: ¿É certo que o vehículo Volkswagen Passat gris matrícula 8054 KLY, propiedade da Deputación foi detectado o 19 de setembro de 2021, no PK 528,7 da N- 120 superando os 150 Km/hora, nun tramo limitado a 90 Km/hora? ¿É certo que cando se notificou esta circunstancia solicitando a identificación do condutor, como é obriga legal, non foi esta atendida? Polo que acabou sendo tipificada como infracción “moi grave” e pasando entón a ser a sanción de 1.500 € ¿Podemos saber quen conducía o vehículo ese día? ¿Quen aboou o importe da sanción? ¿É posible que alguén conduza un vehículo do Parque Móbil de Presidencia sen saberse sequer quen é? En relación cos feitos coñecidos ao longo desta semana, respecto á condución temeraria do vehículo desta institución pública por parte do Sr. presidente ¿é certo que o condutor do dito vehículo no momento da infracción era o Sr. presidente? ¿cal era a axenda que xustificaría esta viaxe un domingo pola tarde pola A-52, na Comunidade Autónoma de Castela-León? Existe? ten algo que ver con esta institución? Semella absolutamente inaceptable que o máximo representante dunha institución pública teña comportamentos presuntamente delituosos, como é o caso de conducir a 215 Km/h nunha zona de velocidade limitada a 120 Km/h, poñendo en perigo a seguridade dos demais usuarios da vía, máxime cando está actuando nese intre como presidente da

institución (suponse que así é no momento en que conduce un vehículo da Deputación), que responsabilidades ten pensado asumir?

Sr. presidente. Á primeira pregunta responde o mesmo que lle respondeu ao Grupo Socialista, dicindo que tal e como consta no informe emitido polo xefe do Parque Móbil de Presidencia o 15 de outubro de 2021 di o seguinte: “o Parque Móbil de Presidencia esta integrado por 6 choferes – condutores que prestan servizos de traslado e asistencia personalidades, altos funcionarios e representantes públicos da Deputación de Ourense. Actualmente o Parque Móbil de Presidencia dispón de 8 vehículos e os anteditos 6 traballadores da administración pública prestan servizo con total dispoñibilidade de horarios”. O dito informe conclúe “como xefe do Parque Móbil de Presidencia, tras ter analizado toda a información recollida na denuncia da DXT con núm. De expediente 27-045-743.370-6 e tendo entrevistado aos 6 traballadores do servizo, informo que: non dispendo de datos fidedignos sobre o servizo que tivo lugar o 19 de setembro na N-120 no punto quilométrico 528.7 sentido D ás 11.08 horas, resulta imposible afirmar con certeza quen conducía o vehículo que produciu a infracción”. En canto á segunda pregunta responde que luns 24 de abril tiña varios encontros de xestión ordinaria como presidente da Deputación na capital. Entre outros encontros, nesa mañá mantiven unha reunión de xestión co xerente da Fundación Democracia e Goberno local (da que a Deputación é patrono) e co presidente do Instituto para o futuro do Turismo, no que, entre outras cuestións, fun convidado a participar como relator nun evento a celebrar no mes de xuño en EntreRíos Arxentina, na miña condición de presidente da Asociación de Cidades Históricas Termas. E á terceira pregunta responde: asumín persoalmente o erro, aboando a sanción en período voluntario, sen facer alegacións.

Bernardo Varela López (BNG). Vistas as manifestacións que D. Manuel Baltar Blanco, como presidente da Deputación Provincial, trasladou este xoves día 27 nunha carta pedindo perdón “por unha dolorosa situación, derivada dun erro illado, pero que non é, dende logo adecuado” segundo as súas propias verbas. Esta situación de erro illado entra claramente en contradición coas novas que teñen ido xurdindo na mesma mañá do día 27, onde segundo o recollido pola Cadena Ser de Ourense, o vehículo da institución provincial que habitualmente conduce persoalmente o Sr. presidente (Volkswagen Passat gris matrícula 8054KLY), foi sancionado en dez ocasións por exceso de velocidade desde ano 2019 ata o

presente, sendo identificado en tres dos casos como condutor o propio presidente, sendo isto así, solicitamos resposta ás seguintes preguntas: cando falamos dun erro illado ¿estamos a falar dun erro illado reiterado? No caso das outras sete sancións por exceso de velocidade das que estamos a falar ¿foi identificado o condutor? De ser así ¿quen era? ¿Quen foi a persoa que se fixo cargo dos pagos polas sancións xeradas e que importe tiveron? ¿Fizo algún pago por algunha destas 10 sancións a propia Deputación Provincial? Vistas as informacións publicadas ao respecto da posible interposición dun recurso por parte da Deputación, contra a sanción polos feitos do día 23, será a Deputación de Ourense ou o Sr. presidente a título persoal e polo tanto cos seus propios recursos económicos o que faga lles fronte ás accións que considere oportunas?

Sr. presidente. En canto á primeira pregunta a propósito dun erro illado, di que e estamos a falar de tres sancións en 11 anos de Presidencia, esta en Zamora e as outras dúas na provincia de Ourense. En canto á segunda pregunta, di que en seis delas si foi un chofer de Presidencia e da sétima, tal e como contestei antes, atendendo ao informe do xefe do Parque Móbil, non foi posible identificar ao condutor. En relación a quen se fixo cargo dos pagos, responde que as sancións son aboadas polo infractor no caso de ser identificado. En canto as informacións publicadas sobre a posible interposición de recurso, di que como se traslada o responsable de comunicación, isto foi un erro cometido por el no primeiro contacto cos xornalistas, a sanción foi aboada e non se interpuxeron alegacións.

Rafael Rodríguez Villarino (Grupo Socialista). En relación cos milleiros de quilómetros que di vostede que ten a realizar con ese coche oficial (que segundo me confirman parece un coche oficial ao seu servizo persoal), a pregunta é ¿en ocasións utiliza vostede o seu garaxe en Juan XXIII para aparcar un coche oficial que debería estar no aparcamento da Deputación?

Sr. presidente. Responde que non ten ningún garaxe en Juan XXIII.

Rafael Rodríguez Villarino (Grupo Socialista). ¿É certo que algunhas das sancións dese coche oficial figuran a nome dos familiares dos choferes en lugar dos propios choferes?

Sr. presidente. Responde que non sabe, que el responde das del, pero se quere se fará un informe e remitiráselle.

Rafael Rodríguez Villarino (Grupo Socialista). Di que o sábado, día 23, estivo vostede en Trives, e despois foi a Madrid. Cre que tivo un encontro, non sabe se telefónico ou persoal, posteriormente en Madrid. De don José Luis Moreno Torres, que foi presidente de Nuevas Generaciones del Partido Popular en Puente de Vallecas, presidente del Partido Popular en Getafe e tamén membro executivo do PP da Comunidade de Madrid entre o ano 1996 e 2008, cando falou con el non sabía que o martes pasado estaba el mesmo en Trives, e que ademais diso outros representantes como o director, don Alfredo Galán Galán participou o 27 de abril nunhas xornadas da Universidade de Santiago de Compostela, tal e como figura no programa. É dicir, se despois de falar vostede co xerente telefonicamente, antes desa suposta reunión que non sabemos se telefónica ou persoal, non sabía vostede que o martes estaba en Trives, xustamente o mesmo lugar que o sábado anterior vostede deu un mitin, que ía desprazarse todo o persoal basicamente directivo desa Fundación aquí en Ourense e en Galicia.

Sr. presidente. Di que o sabía perfectamente, pero tiña concertada en Madrid unha reunión co presidente do Instituto do Futuro do Turismo, Jorge Brown, que non ten ningunha vinculación coas organizacións ás que vostede se referiu falando do Sr. Moreno Torres, antes desa cuestión, entre outras reunións que mantiven esa mañá en Madrid.

Elvira Lama Fernández (Grupo Socialista). O pasado 30 de novembro, vostede presidente, reuníase cos presidentes das catro comunidades de regantes da Limia, Alta Limia, Corno do Monte, Lamas Ganade e San Salvador de Sabucedo. Segundo unha nota de prensa da propia institución, que di que a Deputación de Ourense colaborará coas catro comunidades de regantes da Comarca da Limia, para o desenvolvemento dun plan de modernización do regadíos na comarca. A iniciativa que executan o goberno central e a Xunta de Galicia contará ademais coa axuda económica do organismo provincial, que beneficiará directamente aos propietarios pertencentes aos municipios de Porqueira, Xinzo de Limia e Trasmiras. Así se acordou durante unha reunión que mantiveron no Pazo Provincial os representantes das comunidades acompañados da alcaldesa de Porqueira, Susana Vázquez. José Manuel Baltar, presidente da Deputación, cualificou o encontro como tremendamente positivo por tratarse dunha obra estratéxica e transformadora para a Comarca da Limia. O compromiso de cooperación do goberno provincial nesta ambiciosa iniciativa suporá a habilitación dunha axuda que permitirá reducir a achega que terán que facer os propietarios e regantes potencialmente beneficiarios do proxecto. Esta é unha moi boa noticia para a comarca, un

proxecto estratéxico que vai marcar o futuro da agricultura da Limia en xeral e os agricultores e propietario das parcelas en particular. A pregunta é ¿vai asinar un convenio de colaboración coa comunidade de regantes da Limia, con partida económica concreta antes do día 12 de maio? ¿cal vai ser o importe da achega económica que vai facer a Deputación para reducir a achega económica que teñen que facer os regantes?

Sr. presidente. Estamos en conversas coa Xunta de Galicia, Consellería de Medio Rural, para ver a dinámica de sinatura dese convenio, e tamén analizando a forma de colaborar para que o esforzo económico dos regantes sexa o menor posible.

Elvira Lama Fernández (Grupo Socialista). Rogaría que, como estamos ás portas das eleccións municipais, e nunca se sabe o que pode pasar nesta institución, se plasmase por escrito algún tipo de convenio ou a axuda económica que ten pensado facer a institución cos regantes da Limia antes do 12 de maio.

Sr. presidente tomo nota do rogo.

Elvira Lama Fernández (Grupo Socialista). En setembro do ano 2021 aprobábase unha moción para pedir para Antón Tovar o Día das Letras Galegas e para formalizar a cesión da casa natal de Antón Tovar para convertela en museo deste insigne escritor limián ¿como está o expediente para formalizar a cesión desa casa natal?

Sr. presidente di que conseguirá a información e responderá por escrito.

Armando Ojea Bouzo (DO). Un rogo para que reciban aos representantes sindicais do Consorcio dos parques de bombeiros provinciais para escoitar as súas reivindicacións e tratar de achegar solucións aos problemas que formulen.

Sr. presidente tomo nota do rogo.

Rosario Rodríguez Delgado (Grupo Socialista). Por alusións, rógalle ao portavoz do Grupo Popular, Plácido Álvarez, que pida desculpas públicas ao alcalde de Verín, Gerardo Seoane, porque cando foi sancionado conducindo un vehículo dun falecido en todo caso a multa é administrativa e non ten que ver co tema que se tratou hoxe, que é dun posible delito por parte do presidente da Deputación.

Plácido Álvarez Dobaño (Grupo Popular). Creo que na miña intervención quedou claro que non quería reabrir nada nin comparar nada, simplemente pedir a mesma presunción de inocencia para todos, incluso para o Sr. Villarino, que estivo moitos anos imputado. Non contei mentira ningunha, simplemente apelei á mesma elegancia que tivo o Partido Popular nese caso.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#)

### **PEGADA DIXITAL VÍDEO**

Url

<https://depourense.seneca.tv:443/s/31eu2iZTs1O9PfQX3EsHtbpxt6QGfOGLirbgu7e171DbTtdu.wmv>

SHA512 - effe2f050b16fcc49e75407eeac91a4d9a600ea6dc808f959220d512ce7680f713eaae31b10a2de5def26a8b98a30117e42dfc66d363406404c45998247c4b9d

E, ás 13.20 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.